



OS ANCARES LUCENSES

RESERVA DA BIOSFERA

Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Decembro, 2023



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Este documento científico-técnico enmárcase nos traballos realizados polo Grupo Tragsa e a Deputación Provincial de Lugo, na execución dos fondos Next Generation da Unión Europea a través da subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023. O documento foi realizado por investigadores da Universidade de Santiago de Compostela adscritos ao Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).



Autoría

Redactores: Andrea Macho Benito (RB Os Ancares Lucenses); Luis J. Fernández Reija (RB Os Ancares Lucenses); Javier Ferreiro da Costa (USC), Luis Gómez-Orellana Rodríguez (USC), Manuel A. Rodríguez Guitián (USC), Lab. Biodiversidade. GI-TB. IBADER (USC). Campus Terra. Lugo.

Colaboradores (USC): Hugo López Castro, Carlos Oreiro Rey, Diego Blanco Sandá.

A efectos bibliográficos o documento pode citarse como segue:

Macho Benito, A.; Fernández Reija, L.J.; Ferreiro da Costa, J.; Gómez-Orellana Rodríguez, L.; Rodríguez Guitián, M.A.; López Castro, H.; Oreiro Rey, C.; Blanco Sandá, D. (2023). Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá (2023). LUGO: TRAGSA – IBADER – Deputación de Lugo.

Nota

O traballo: **Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá (2023)**, foi financiado integramente polos fondos Next Generation da Unión Europea a través da subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das Reservas da Biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023.

Con todo, os puntos de vista e as opinións expresadas son unicamente os dos redactores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou a Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea son responsables delas.

1

Introdución, obxectivos e criterios

Na normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 5/2019) sobre Áreas Naturais Protexidas, as Reservas de Biosfera considéranse como “Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais”, vinculadas co Programa o Home e a Biosfera (Programa Man & Biosphere, M&B) da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural, e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

A Reserva de Biosfera “Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá” (denominación abreviada: Os Ancares Lucenses) foi declarada no ano 2006 pola UNESCO e é xestionada pola Deputación de Lugo. No momento da súa declaración a Reserva comprendía un territorio de 53.664,00 ha, pertencentes a tres municipios: Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, pertencentes á provincia de Lugo (Comunidade Autónoma de Galicia, España).

Dende o momento da súa declaración, a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses formou parte da Rede Mundial de Reservas de Biosfera e da Rede Española de Reservas de Biosfera, incorporándose recentemente á Rede Galega de Reservas de Biosfera.

No documento declarativo da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses inclúese unha zonificación na que aparecen delimitadas distintas zonas núcleo, tampón e transición, acordes cos criterios que, naquel momento, foran fixados pola UNESCO e pola normativa española e galega. O documento declarativo incluía, ademais, o esbozo da configuración dos órganos de goberno e de participación, que foron posteriormente establecidos no ano 2011 e mantivéronse en funcionamento ata a actualidade.

Nos últimos 17 anos (2006-2023), a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses liderou e participou en distintas iniciativas destinadas a desenvolver os obxectivos e fins do Programa M&B, tanto en relación coa función de conservación, desenvolvemento social e sostible, como de apoio loxístico, colaborando,

para iso, con distintos organismos, entidades públicas e privadas, tanto da Reserva como doutros territorios de Galicia, España ou de Europa, que se recollen nas súas memorias de actividades. Un dos aspectos máis destacados destas actuacións materialízase no grao de apoio e aceptación que a Reserva de Biosfera tivo entre a poboación local, partícipe e destinataria de forma activa en moitas das actividades desenvolvidas.

No ano 2013, a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses aprobou o seu primeiro Plan de Xestión, redactado en conformidade co Plan de Acción de Madrid para a Rede Mundial de Reservas de Biosfera (2008-2013) e do Plan de Acción do Montseny para a Rede Española de Reservas de Biosfera (2009-2013). O tempo transcorrido e, especialmente, as modificacións que, na xestión das Reservas de Biosfera, recóllense no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial de Reservas de Biosfera e no Plan de Acción Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas de Biosfera, determinan a necesidade de adaptar e reforzar o Plan de Xestión da Reserva dos Ancares Lucenses (2013), proceso que se realiza no presente documento.

Este segundo Plan de Xestión da Reserva dos Ancares Lucenses (2023) elabórase en base aos criterios fixados no Programa Man & Biosphere da UNESCO, así como na normativa estatal e autonómica que regulan esta figura de Área Protexida por Instrumentos Internacionais. O documento parte dun borrador realizado en base aos criterios fixados na normativa actual, nos Plans de Acción para a Rede Mundial de Reservas de Biosfera e para a Rede Española de Reservas de Biosfera, así como da experiencia acumulada pola Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses nos últimos 17 anos, tendo en conta, ademais, os modelos exitosos existentes noutras Reservas de Biosfera. O borrador do segundo Plan de Xestión foi obxecto de distintas modificacións integradas nun proceso de participación pública que se desenvolveu ao longo do ano 2023.

O Plan de Xestión estrutúrase en 5 capítulos. un capítulo introdutorio; un capítulo de diagnose, onde se plasman os aspectos xerais, relativo á delimitación da Reserva, inventario de compoñentes clave e delimitación do seu estado de conservación, incluíndo, ademais, a determinación dos criterios de conservación e as regulacións xerais e específicas con respecto a usos e actividades, finalizando a diagnose co establecemento de criterios orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais, que inciden no ámbito territorial de aplicación do Plan, para que sexan compatibles cos obxectivos das Reservas de Biosfera. No terceiro capítulo descríbense os Órganos de goberno e participación na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, mentres que o cuarto capítulo inclúe os obxectivos e as liñas estratéxicas establecidas no Plan de Xestión para o cumprimento das tres funcións que debe cumprir unha Reserva de Biosfera. O quinto, e último capítulo, establece unha previsión de custos e instrumentos financeiros previstos para a aplicación do Plan de Xestión, así como os procedementos para a modificación do Plan e o período de vixencia deste. O Plan constitúe, ademais, un compromiso compartido entre os axentes locais, as institucións públicas e os habitantes da Reserva de Biosfera para convertela nun elemento de dinamización, cohesión social e sustentabilidade.

1.1. Obxectivos do Plan de Xestión

O obxectivo principal do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses é contribuír a fortalecer o funcionamento da Reserva, acorde cos principios fixados no Programa Man & Biosphere e na normativa que regula, no ámbito español e galego, a figura de Reserva de Biosfera como Área Protexida por Instrumentos Internacionais. Este obxectivo xeral artículase noutros de carácter secundarios, non por iso menos importantes:

Obxectivos do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

1.- Contribuír a cumprir e fortalecer os tres obxectivos e funcións que a UNESCO estableceu para as Reservas de Biosfera (conservación, desenvolvemento sostible, apoio loxístico), así como os desenvolvidos no Plan de Acción da Rede Mundial das Reservas de Biosfera (Plan de Acción de Lima) e o Plan de Acción da Rede Español de Reservas de Biosfera (Plan de Acción de Ordesa-Viñamala).

Iso supón a implicación da Reserva de Biosfera en accións tendentes a:

- 1.1.- Reducir a perda de biodiversidade (paisaxes, hábitats e especies), fomentando a conservación dos compoñentes e recursos naturais silvestres, así como cultivares e variedades tradicionais establecidos dende antigo na Reserva de Biosfera.
- 1.2.- Contribuír a mitigar ou erradicar a presenza de especies exóticas invasoras, debido aos seus efectos negativos sobre a calidade da paisaxe e a conservación dos hábitats e a flora e fauna autóctona.
- 1.3.- Contribuír á implementación de medidas de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático global.
- 1.4.- Contribuír, dende o ámbito rural e local, ao cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- 1.5.- Promocionar o desenvolvemento racional e sostible dos recursos naturais, tanto no medio rural como nos enclaves urbanos da Reserva de Biosfera.
- 1.6.- Fortalecer o papel da Reserva de Biosfera no ámbito do desenvolvemento rural, impulsando a promoción da marca de calidade e da Axenda agroalimentaria.
- 1.7.- Contribuír á implantación e consolidación da Infraestrutura verde impulsando accións destinadas á mellora da conectividade ecolóxica e da restauración ambiental.

2.- Consolidar o modelo de gobernanza da Reserva de Biosfera e fomentar a participación pública na súa xestión, proporcionando á cidadanía canles para realizala, así como facilitando o acceso á información xerada na Reserva.

3.- Establecer marcos sólidos de colaboración con outras Reservas de Biosfera, universidades, centros de investigación, entidades de desenvolvemento rural, etc., que permitan definir e desenvolver proxectos comúns orientados ao cumprimento das funcións propias das Reservas de Biosfera e do Programa M&B.

Táboa 1.1. Obxectivos do Plan de Acción da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.

1.2. Determinación dos criterios para a xestión dos recursos naturais

Os criterios básicos que nunha Reserva de Biosfera deben rexer, a conservación, protección, restauración e uso sostible dos recursos naturais e, en particular, dos compoñentes da biodiversidade e geodiversidade, identifícanse claramente cos obxectivos e liñas de actuación contempladas no Marco mundial Kunming-Montreal da Diversidade Biolóxica, aprobado en decembro do 2023 na XV Conferencia das partes no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica.

O Marco consta de catro obxectivos globais xenerais para protexer a natureza, que inclúen: deter a extinción inducida polos seres humanos das especies en perigo de extinción e, para 2050, reducir á décima parte o ritmo e o risco de extinción de todas as especies; que a diversidade biolóxica utilícese e xestione de maneira sostible e as contribucións da natureza ás persoas, tales como as funcións e os servizos dos ecosistemas, valórense, mantéñanse e mellórense; que todo beneficio da utilización dos recursos xenéticos e información de secuencias dixitais sobre os recursos xenéticos compártase en forma xusta e equitativa; e que os medios de implementación adecuados para aplicar plenamente o Marco sexan accesibles de maneira equitativa a todas as partes.

Complementando o Marco mundial Kunming-Montreal da Diversidade Biolóxica (COP15, 2023), débese ter en conta os obxectivos e liñas fixadas na Estratexia de Biodiversidade da UE (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións. Estratexia da UE sobre a biodiversidade de aquí a 2030). Reintegrar a natureza nas nosas vidas (Bruxelas, 20/05/2020. COM (2020) 380 final), así como o recentemente aprobado Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (Real Decreto 1057/2022, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan estratéxico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade a 2030, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 313, 30/12/2022).

1.3. Determinación de regulacións que incidan sobre o uso dos compoñentes da Biodiversidade e o Patrimonio Natural.

A lexislación estatal (Lei 42/2007) fixa, en coherencia cos obxectivos do Programa Man & Biosphere, os criterios básicos referidos ao uso dos recursos naturais en relación cos usos e aproveitamentos dos recursos naturais nas distintas unidades de zonificación dunha Reserva de Biosfera. Esta zonificación orientase a: 1.- Garantir a conservación dos valores ecolóxicos, paisaxísticos, produtivos e científico-culturais do territorio. 2.- Mellorar, recuperar e rehabilitar os elementos e procesos do medio que se atopen degradados. 3.- Permitir o adecuado desenvolvemento das actividades económicas, fomentando un uso do territorio compatible coa conservación e aproveitamento racional e sostible dos seus recursos. Como resultado, a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses contempla tres unidades de zonificación (zonas núcleo, zonas tampón, zonas transición), que deberían asegurar o cumprimento das funcións fixadas no Programa Man & Biosphere da UNESCO.

As Reservas de Biosfera, a diferenza doutros tipos de áreas naturais protexidas, non adoitan contemplar o establecemento dun marco regulatorio de actividades e usos que incidan sobre os compoñentes da Biodiversidade e o Patrimonio. Este marco, necesario para asegurar o cumprimento dos obxectivos da Reserva, queda, pois, fixado na maioría da Reservas de Biosfera, alomenos nas galegas, pola normativa sectorial e, concretamente, a referida á conservación da natureza (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007; Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. DOG 149, 07/08/2019), o uso da auga (Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. BOE 176, 24/07/2001), do solo (Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana. BOE 261, 31/10/2015), de actividades referidas ao sector primario (Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural. BOE 299, 14/12/2007; Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes. BOE 280, 22/11/2003; Lei 8/2020, do 16 de decembro, pola que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de agricultura e alimentación. BOE 328, 17/12/2020), minas (Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas. BOE 176, 24/07/1973), residuos (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. BOE 85, 09/04/2022), turismo (Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia. DOG. 216, 11/12/2011), etc., así como a

normativa de avaliación de impacto ambiental (Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. BOE 296, 11/12/2013; Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. DOG 29, 10/02/1995). No caso das zonas núcleo, a estas determinacións débense engadir as contempladas nos seus propios instrumentos de xestión, que, no caso da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, correspóndense coas incluídas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 61, 31/03/2014).

1.4. Criterios de referencia orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden.

As diferentes administracións con competencias no ámbito territorial da Reservas de Biosfera Os Ancares Lucenses deberán coordinar de forma efectiva as súas actuacións e proxectos, coa finalidade de lograr a consecución dos obxectivos da Reserva de Biosfera, e daqueles outros de carácter sectorial ou local que contribúan á conservación dos recursos naturais e ao desenvolvemento sostible da Reserva de Biosfera, para que sexan compatibles cos obxectivos de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

De igual modo, as políticas públicas deberán orientarse á optimización e implantación dos usos e aproveitamentos que sexan compatibles cos principios, obxectivos fixados no Programa Man & Biosphere, así como nas normativas e Plans de Acción que os desenvolven tanto a nivel internacional, español como galego.

Fomentarse a mellora da calidade de vida dos habitantes da Reserva de Biosfera mediante o impulso de medidas necesarias de dinamización e desenvolvemento sostible, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo, a agricultura, a gandería e a silvicultura.

As diferentes administracións públicas e axentes económicos promocionarán e fomentarán os produtos con denominación de orixe e/ou selo de calidade mediante apoios e incentivos á súa produción e/ou comercialización, prestando especial interese a aqueles de carácter artesanal, ás producións ecolóxicas e os que están ligados ao mantemento dos recursos naturais da Reserva de Biosfera.

Impulsaranse acordos entre o órgano de xestión da Reserva de Biosfera e outras administracións públicas, as universidades, os centros de investigación, os propietarios de terreos e as asociacións sen ánimo de lucro que promovan a consecución dos fins e obxectivos da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.

Potenciarase a formación e capacitación dos axentes económicos locais, en especial do sector primario e do turismo, no marco da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.

1.5. Identificación das medidas para garantir a conectividade ecolóxica no ámbito territorial obxecto de ordenación

A Estratexia Europea de Infraestrutura Verde, así como a estratexia nacional (Orde PCM/735/2021, do 9 de xullo, pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxica. BOE 166, 13/07/2021) e galega (Resolución do 8 de agosto de 2022, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter a información pública e transparencia a Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas. DOG, 158,

22/08/2022), fixan os obxectivos e criterios básicos para garantir a conectividade ecolóxica. A Estratexia Galega establece unha zonificación do territorio que mostra, no ámbito da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, unha notable concordancia, de modo que as zonas núcleo da Reserva son consideradas como zonas núcleo na Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia. Igualmente, os principais corredores ecolóxicos expostos na Estratexia galega identifícanse con zonas tampón da Reserva de Biosfera. En canto ás medidas para garantir a conectividade destas vincúlense co mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais e seminaturais do territorio, especialmente dos humidais, os corredores fluviais, as áreas boscosas e os queirogais. Resultan igualmente estratéxicas a conservación da configuración e funcionamento dos agrosistemas tradicionais, e a implantación de medidas para mellorar a conectividade nos agrosistemas intensivos.

En canto á conectividade externa, a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses atópase conectada con 4 Reservas de Biosfera (Terras do Miño, Eo-Oscos e Terras de Burón, Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, e Ancares Leoneses), conformando, en consecuencia, unha área estratéxica para o conxunto das Reservas de Biosfera de Galicia e da Rexión Atlántica Española.

2

As Reservas de Biosfera e o Programa M&B

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) promoveu, en setembro de 1968, a celebración dunha "Conferencia Intergubernamental de Expertos sobre as Bases Científicas da Utilización Racional e a Conservación da Biosfera". Na reunión participou unha ampla representación de organizacións de Nacións Unidas e do sector científico mundial. Posteriormente, a UNESCO recolleu, na Resolución 2.313 da súa XVI Conferencia Xeral (1970), a análise realizada polos expertos e as súas suxestións como base para xerar unha resposta aos grandes retos ambientais que se fixeron evidentes. O enfoque asumido consideraba que a saúde dos ecosistemas era o soporte imprescindible do futuro benestar da humanidade e, en consecuencia, decide iniciar un programa intergubernamental e interdisciplinario a longo prazo sobre o home e a biosfera, que consistirá, esencialmente, en estudar o conxunto da estrutura e do funcionamento da biosfera e das súas rexións ecolóxicas, en observar sistematicamente os cambios que produce o home na biosfera e os seus recursos, en examinar os efectos xerais dos devanditos cambios sobre a especie humana e en determinar o ensino que debe impartirse e a información que debe difundirse sobre estes temas.

O Programa Man & Biosphere (M&B) iniciouse en 1971 como un programa científico destinado a avaliar novos modelos na conservación dos recursos naturais, alternativos aos fixados nas Reservas Naturais e nos Parques. No ano 1976, a UNESCO recoñecía, no marco do Programa M&B, as primeiras Reservas de Biosfera. En 1983 celebrábase na cidade de Minsk a primeira Conferencia Internacional sobre Reservas da Biosfera organizada pola UNESCO, que elaborou o primeiro Plan de Acción para as Reservas, aprobado en 1984 pola UNESCO, poñendo de relevo a importancia das reservas de biosfera no contexto dos 14 campos de actuación do Programa M&B, e a importancia de integrar a acción humana no enfoque da conservación. A práctica das reservas de biosfera presionaba para profundar no desenvolvemento conceptual desta figura como algo máis que unha formulación científica e algo máis que un espazo protexido. Participaron máis de 250 científicos e expertos, que identificaron como principais obxectivos para o futuro do M&B: mellorar e estender a Rede; desenvolver coñecementos para

conservar ecosistemas e biodiversidade, e incrementar a efectividade das Reservas de Biosfera en conectar conservación e desenvolvemento.

Tras a celebración en Río do Cumio da Terra (1992), a UNESCO organizou en Sevilla (1995) unha segunda Conferencia Internacional sobre Reservas da Biosfera. Nesta segunda reunión internacional elabóranse dous documentos básicos, a Estratexia de Sevilla e O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera, que foron aprobados, nese mesmo ano, polo Consello Internacional de Coordinación (CIC) do Programa M&B na súa seguinte reunión, e adoptados pola Conferencia Xeral da UNESCO baixo a Resolución 28 C/2.4, en novembro de 1995 (sendo publicado en 1996).

A Estratexia de Sevilla constitúe a segunda versión do Plan de Acción do Programa M&B, substituindo ao Plan elaborado na Conferencia de Minsk (1983). A Estratexia de Sevilla define as directrices a adoptar para unha acción futura nos territorios designados como Reservas de Biosfera. A Estratexia de Sevilla recolle dez directrices fundamentais e catro obxectivos principais. Os obxectivos se desenvolven mediante outros obxectivos máis detallados e recomendacións aplicables a escala internacional, nacional e de reserva de biosfera. A Estratexia propón pasar dos conceptos, xa definidos con anterioridade, á acción no territorio. É tamén unha guía para desenvolver as funcións dunha Reserva de Biosfera sobre o terreo.

Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera

Artigo 1. Definición

As Reservas de Biosfera son zonas de ecosistemas terrestres ou costeiros/mariños, ou unha combinación dos mesmos, recoñecidas no plano internacional como tales no marco do Programa sobre o Home e a Biosfera (MAB) da UNESCO, de acordo co presente Marco Estatutario.

Artigo 2.

- 1.- As reservas de biosfera constituirán unha rede mundial coñecida como Rede Mundial de Reservas de Biosfera, chamada en diante a Rede.
- 2.- A Rede constituirá un instrumento para a conservación da diversidade biolóxica e o uso sostible dos seus compoñentes, contribuíndo así a alcanzar os obxectivos do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica e doutros acordos e instrumentos pertinentes.
- 3.- Cada Reserva de Biosfera quedará sometida á xurisdición soberana dos Estados nos que estea situada. En virtude do presente Marco Estatutario, os Estados adoptarán as medidas que consideren necesarias conforme á súa lexislación nacional.

Artigo 3. Funcións

1.- As Reservas de Biosfera, combinando as tres funcións que se expoñen a continuación, deberían procurar ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e desenvolvemento sostible en escala rexional:

- **Conservación.**
Contribuír á conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a variación xenética.
- **Desenvolvemento.**
Fomentar un desenvolvemento económico e humano sostible desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico.
- **Apoio loxístico.**
Prestar apoio aos proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o medio ambiente, e de investigación e observación permanente en relación con asuntos locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.

Táboa 2.1. Concepto de Reserva de Biosfera e funcións segundo o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera.

O Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera define os conceptos básicos dunha Reserva de Biosfera, así como os requisitos que debe cumprir un territorio para que a súa solicitude sexa aceptada como parte da Rede Mundial e os procedementos para a súa designación. Tamén define o papel que xogan a Rede Mundial, as Subredes e a Secretaría do Programa M&B, ademais de implantar a necesidade de revisións periódicas, cada dez anos, relativas ao cumprimento dos requisitos para ser reserva de biosfera. Este documento é a guía dos compromisos que asumen os responsables dunha Reserva de Biosfera cando solicitan o seu nomeamento.

Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera

Artigo 4. Criterios

Os criterios xerais que debe satisfacer unha zona para ser designada Reserva de Biosfera son os seguintes:

- 1.- Conter un mosaico de sistemas ecolóxicos, representativo de rexións bioxeográficas importantes, que comprenda unha serie progresiva de formas de intervención humana.
- 2.- Ter importancia para a conservación da diversidade biolóxica.
- 3.- Ofrecer posibilidades de ensaiar e demostrar métodos de desenvolvemento sostible en escala rexional.
- 4.- Ter dimensións suficientes para cumprir as tres funcións das Reservas de Biosfera definidas no Artigo 3.5.
- 5.- Cumprir as tres funcións mencionadas mediante o seguinte sistema de zonación: (a) unha ou varias zonas núcleo xuridicamente constituídas, dedicadas aos obxectivos de conservación da reserva de biosfera e de dimensións suficientes para cumprir tales obxectivos; (b) unha ou varias zonas tampón claramente definidas, circundantes ou limitrofes das zonas núcleo, onde só poidan ter lugar actividades compatibles cos obxectivos de conservación; (c) unha zona exterior de transición onde se fomenten e practiquen formas de explotación sostible dos recursos.
- 6.- Dispoñer de sistemas organizativos que faciliten a integración e participación dunha gama adecuada de sectores, entre outros, autoridades públicas, comunidades locais e intereses privados no deseño e a execución das funcións da Reserva de Biosfera.
- 7.- Tomar, ademais, medidas para dotarse de: (a) sistemas de xestión dos usos humanos e as actividades nas zonas tampón; (b) unha política ou plans de xestión para a zona na súa calidade de Reserva de Biosfera; (c) unha autoridade ou dispositivo institucional encargado de aplicar esa política ou eses plans; (d) programas de investigación, observación permanente, educación e capacitación.

Táboa 2.2. Criterios que ceben cumprir as Reservas de Biosfera segundo o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera.

Pasados 13 anos dende a Conferencia de Sevilla, o III Congreso Mundial de Reservas da Biosfera celebrado en Madrid, en febreiro de 2008, reuniu a máis de 800 especialistas e acordou o Plan de Acción de Madrid (2008-2013). A finalidade do Congreso era impulsar a aplicación dos obxectivos da Estratexia de Sevilla como unha ferramenta para abordar estratexicamente os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). O Plan baseábase na Estratexia de Sevilla e orientábase a converter os principios globais do desenvolvemento sostible en prácticas locais apropiadas. O Plan de Acción de Madrid desagrega numerosas accións concretas arredor de 31 obxectivos, dirixidas aos distintos axentes que interveñen no desenvolvemento do Programa M&B. Os Obxectivos do Plan de Acción de Madrid (2008-2013) resúmense en: 1.- Investigación, formación e demostración sobre as interaccións da conservación e o uso sostible dos recursos. 2.- As Reservas de Biosfera como lugares de aprendizaxe para resolver problemas específicos mediante a cooperación entre os distintos axentes implicados, públicos e privados. 3.- Reunión e difusión dos coñecementos proporcionados pola experiencia. 4.- Contribución á aparición de dinamizadores - coordinadores - xestores para tender pontes entre programas globais e o desenvolvemento local e nacional.

En marzo de 2016 celebrouse en Lima (Perú) o IV Congreso Mundial de Reservas da Biosfera coa finalidade de elaborar un plan de acción que recollera as accións adecuadas para poñer en práctica a Estratexia 2015-2025, no contexto dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS). O resultado foi o Plan de Acción de Lima 2016-2025, froito das achegas e discusións de máis de mil representantes de 120 países, como guía para o manexo das Reservas de Biosfera nos próximos 10 anos.

Rede Española de Reservas de Biosfera



Figura 2.1. Rede Española de Reservas de Biosfera (decembro, 2022). Fuente: OAPN

Paralelamente á aprobación dos Plans de Acción da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, elaboráronse e aprobaron os Plans de Acción da Rede de Reservas de Biosfera de España. O primeiro, denominado Plan de Acción de Lanzarote, estivo vixente entre 2007-2009, sendo substituído polo Plan de Acción do Montseny (2009-2013) e, finalmente, polo Plan de Acción de Ordesa-Viñamala (2017-2025).

2.1. Status legal da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

O Estatus legal da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses está regulado de forma xeral pola normativa estatal sobre espazos naturais (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007. Modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 227, 22/09/2015; e pola Lei 7/2018, do 20 de xullo, de modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 176, 21/07/2018), que outorga ás Reservas de Biosfera da UNESCO o status de Áreas protexidas por instrumentos internacionais (art. 50.1.f), consideración que se recolle, igualmente, na normativa galega sobre espazos protexidos (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia).

O artigo 70.a.1. da Lei 42/2007 establece que as Reservas de Biosfera deben conter: “Unha ou varias Zonas Núcleo da Reserva que sexan espazos naturais protexidos, ou LIC, ou ZEC, ou ZEPA, da Rede Natura 2000, cos obxectivos básicos de preservar a Diversidade Biolóxica e os ecosistemas, que contén co adecuado plan de ordenación, uso e xestión que potencie basicamente devanditos obxectivos”. A consideración de “Área Natural Protexida” dunha Reserva de Biosfera outórgalles a estas, e, no seu caso, ás distintas figuras que integra, dun status xurídico especial en relación con distintas normativas, como o Código penal (Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal BOE 281, 24/11/1995) e a normativa do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. DOG 34, 19/02/2016), así como na lexislación básica sobre áreas naturais protexidas (Lei 42/2007 e Lei 5/2019).

3

O territorio da Reserva de Biosfera

A Cordilleira Cantábrica é un complexo e extenso sistema de montañas situada no Norte da Península Ibérica que, partindo dos Pireneos, separa os territorios litorais Cantábricos das chairas interiores Ibéricas, ata contactar coas serras sublitorais atlánticas de Galicia e o Macizo Galaico-Leonés. Engloba territorios pertencentes ás Comunidades Autónomas de Galicia (provincia de Lugo), Asturias, Castela e León (provincias de León, Burgos, Palencia), Cantabria, País Vasco e, cunha presenza menor, Navarra e A Rioxa. A Cordilleira posúe unha lonxitude de 480 km (W-E) e unha anchura media (N-S) de 100 km, aínda que, nalgúns tramos, supéranse o 120 km e, noutros, redúcese a 60 km. Dende un punto de vista xeolóxico e biolóxico, a Cordilleira Cantábrica soe diferenciarse en 3 unidades ou sectores (Galaico, Picos de Europa, Montes Vasco - Cantábricos). O Sector central está representado polos Picos de Europa, que inclúe unha superficie de 550 km², no que se rexistran 14 cumes con máis de 2.600 m, 40 de máis de 2500 m e case 250 cumes que superan o 2.000 m. Os Picos de Europa e o sector oriental (Montes Vasco - Cantábricos) orixináronse na Oroxenía Alpina, mentres que os contrafortes do sector occidental (Macizo Galaico) formáronse na Oroxenía Hercínica. O sector Galaico da Cordilleira Cantábrica está representado por distintas formacións de pequenas serras, ao Norte, que se engloban nas Serras Setentrionais de Galicia, sendo a Serra do Xistral a máis importante en altitude e singularidade ambiental. Por baixo das Serras Setentrionais dispóñense, delimitando pequenos vales fluviais, as Serras Orientais de Galicia (Meira, Corno do Cervo, Miradoiro, Follabal, Liñares, Uría, Ancares e Courel).

Os Ancares constitúe unha das comarcas naturais máis relevantes do Norte da Península Ibérica, onde configura parte do extremo W da Cordilleira Cantábrica, actuando como fronteira entre Galicia, Castela e León, e Asturias, contactando externamente cos territorios leoneses do Bierzo, os asturianos do Alto Ibaes e as comarcas galegas da Fonsagrada, Lugo, Sarria e O Courel. No sector occidental da Serra sitúanse os distintos nacentes que conforman o curso alto do Río Navia, mentres que os do sector oriental conformarán parte da conca alta do río Sil.

A montaña de Ancares repártese entre dous Reservas de Biosfera, a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses (Galicia), que inclúe os termos municipais de Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna, e a Reserva de Biosfera Ancares Leoneses, que engloba os termos municipais de Peranzanes, Valle de Ancares, Vega de Espinareda e Villafranca del Bierzo. A área comprendida por ambas as Reservas contacta, á súa vez, con outros espazos da Rede Española de Reservas de Biosfera: Reserva de Biosfera Eo-Oscos Terras de Burón, Reserva de Biosfera Terras do Miño. A semellanza do que ocorre en gran parte da vertente sur da Cordilleira Cantábrica, a proximidade da fronteira biogeográfica Atlántica-Mediterránea determina que esta área montañosa acolla un importante número de ecosistemas e especies que relacionan estes territorios con áreas centroeuropeas, boreais, sub-mediterráneas ou atlánticas.

Esta é unha zona montañosa que abarca un amplo rango altitudinal, estendéndose desde os 250 m, no punto no que o Río Navia abandona Galicia para discorrer polo Principado de Asturias, ata os 1.935 metros do Pico Mostallar (Cervantes). Isto condiciona unha complexa zonificación altitudinal de ecosistemas, dende os ambientes de menor altitude, de elevada termicidade, ata medios de alta montaña sometidos a un clima moi rigoroso, con invernos prolongados e veráns curtos e frescos. A paisaxe actual da Reserva é o resultado da instauración, por parte das comunidades humanas, dun variado conxunto de aproveitamentos tradicionais no medio que as acolle dende tempos remotos, o que deu como resultado un variado mosaico de ambientes ecolóxicos (corredores fluviais, prados de sega de baixa altitude, queirogais secos e húmidos, turbeiras altas, grandes superficies de bosques maduros, prados de sega de montaña, comunidades rupícolas e glerícolas, ou ecosistemas orófilos) que se mantén como un dos mellor conservados do NW Ibérico. Asociado a eles, chega ata os nosos días un importante saber tradicional relacionado coas prácticas, usos e oficios derivados dos devanditos aproveitamentos, así como un importante conxunto de produtos locais tradicionais e de calidade, que incrementan a sinerxia entre as persoas e a biosfera nos Ancares.

A declaración da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses realizouse no ano 2006. A memoria declarativa incluía os datos relativos aos seus límites, superficie e unidades de zonificación. O ámbito da Reserva de Biosfera comprendía a totalidade de dous termos municipais da provincia de Lugo, Cervantes e Navia de Suarna, así como a incorporación de parte da superficie do termo municipal de Becerreá, o que supoñía unha superficie total de 53.664,00 ha. No ano 2012 realizase un axuste da delimitación cartográfica da Reserva sobre unha cartografía dixital de maior detalle e asumindo as variacións nos perímetros municipais que foron establecidas oficialmente. O resultado deste axuste cartográfico supuxo que a área da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucense acadara o valor de 53.543,89 ha, que se manteñen na actualidade.

Superficie da Reserva de Biosfera			
Municipios	Declaración 2006	Reaxuste 2012	Actual 2023
Becerreá	1.537,93 ha	1.530,94 ha	1.530,94 ha
Cervantes	27.760,44 ha	27.759,86 ha	27.759,86 ha
Navia de Suarna	24.365,63 ha	24.253,10 ha	24.253,10 ha
Total (Reserva)	53.664,00 ha	53.543,89 ha	53.543,89 ha

Táboa 3.1. Datos da superficie asignada aos termos municipais que forman parte da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses segundo o Instituto Xeográfico Nacional (IGN) e o Instituto do Territorio de Galicia (ITG).

O ámbito da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses queda, pois, delimitado pola totalidade da superficie dos termos municipais de Cervantes (27.759,86 ha) e Navia de Suarna (24.253,10 ha), e unha parte do territorio do municipio de Becerreá (1.530,94 ha).

Axustes na zonificación da Reserva de Biosfera

Zonas	Declaración - 2006		Reaxuste - 2012		Actual - 2023	
	Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe	Superficie	Porcentaxe
Núcleo	14.424,00	26,51%	14.599,16	27,27%	14.599,16	27,27%
Tampón	31.975,00	59,58%	31.472,06	58,78%	31.472,06	58,78%
Transición	7.465,00	13,91%	7.472,67	13,96%	7.472,67	13,96%
Reserva	53.664,00	100,00%	53.543,89	100,00%	53.543,89	100,00%

Táboa 3.2.- Superficies (ha) consignadas na declaración da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses (2006), valores tras os procedementos de reaxuste cartográfico realizados no ano 2012 e situación no 2023.

Datos actuais de superficies da Reserva de Biosfera

Zonas	Mariña	Terrestre	Total	%
Núcleo	-----	14.599,16	14.599,16	27,27%
Tampón	-----	31.472,06	31.472,06	58,78%
Transición	-----	7.472,67	7.472,67	13,96%
Reserva	-----	53.543,89	53.543,89	100,00%

Táboa 3.3.- Superficies (ha) actuais da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.

Encadre xeográfico e territorial




Figura 3.1. Mapa de localización da Reserva de Biosfera

Encadre xeográfico e territorial: Zonificación




Figura 3.2. Encadre xeográfico e límites das zonas da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

3.1. Espazo xeográfico

O territorio presenta un relevo abrupto, no que existen poucas zonas chairas, e está sometido a un clima caracterizado por elevadas precipitacións e un réxime termométrico contrastado, con invernos longos e rigorosos nas zonas situadas por encima dos 1.000 m, que se suaviza nas zonas baixas asociadas aos principais cursos fluviais. Aínda que o principal compoñente biótico deste espazo natural está claramente relacionado cos territorios atlánticos e centroeuropeos, a penetración de elementos florísticos e faunísticos de tendencia mediterránea, principalmente polas zonas meridionais, supón a presenza de comunidades vexetais e animais cuxa representación en Galicia é practicamente exclusiva, o que representa un alto valor dende o punto de vista da conservación da biodiversidade existente nesta rexión.

A actividade humana, posiblemente desenvolvida neste territorio de forma ininterrompida dende o Paleolítico Superior, configurou unha paisaxe actual en mosaico, no que destacan as grandes extensións ocupadas por matogueiras e bosques, tanto máis extensos canto máis afastados dos asentamentos humanos. Dende un punto de vista ecolóxico, a extensión e o estado de conservación dos bosques son, precisamente, uns dos valores que máis contribuíron á consideración deste espazo como unha das zonas de maior interese dentro de Galicia e no contexto noroccidental ibérico dende fai máis dun século.

3.2. Xeodiversidade

Dende o punto de vista paleogeográfico, a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses sitúase dentro do Macizo Hespérico, formado polos materiais máis antigos da Península, que se deformaron durante a Orogenia Varisca. Nela están representados os dominios do Navia e Alto Sil, na parte máis oriental (municipios de Cervantes e Navia de Suarna), e de Mondoñedo-Peñalba (tamén chamado Dominio do Courel ou do Domo de Lugo) (ITGE 1991). Esas dúas zonas paleogeográficas representan o espazo correspondente a unha antiga conca de sedimentación desenvolvida sobre unha cortiza continental preexistente, cuxo principal significado, desde o punto de vista estratigráfico, é que os materiais ordovícicos apóianse concordantemente sobre unha serie detrítica con intercalacións calcáreas de idade cámbrica.

Tendo en conta a información xeolóxica dispoñible, dentro da área de estudo atópanse principalmente formacións litoestratigráficas de orixe sedimentario que sufriron, en xeral, un grao medio de metamorfismo superficial. Os materiais xeolóxicos presentes corresponden, principalmente, con rochas metamórficas acedas (lutitas, filitas, lousas, cuarcitas, grauvacas, xistos, brechas ferruxinosas). Cunha representación menor, atópanse rochas carbonatadas (calcarías, dolomitas, lousas e lutitas carbonatadas), rochas graníticas (granitos) e, por último, pequenos afloramentos de rochas básicas (bases de diabasas e vulcanitas). Así mesmo, existen rochas ígneas de diversa procedencia distribuídas por todo o territorio, entre as que se atopan o plutón granítico dos Ancares e diversos tipos de rochas filonianas (diques de cuarzo, aplitas, pegmatitas, pórfidos graníticos, vulcanitas acedas e diabasas). Finalmente, segundo a cartografía xeolóxica de referencia, existen pequenas áreas cubertas por sedimentos (terrazas fluviais antigas e recentes, conos de dexestión, depósitos coluviais e aluviais, depósitos glaciares e fluvio-glaciares, e materiais indiferenciados) de variada tipoloxía e distribución moi desigual. Como resultado dos esforzos tectónicos sufridos, os materiais metamórficos do substrato dispóñense formando bandas (sub)paralelas dispostas en sentido NW-SE.

A pesar do gran interese que reúnen as montañas do oriente galego para a reconstrución de ambientes xeolóxicos pasados, o coñecemento sobre os fósiles e macrorrestos presentes pode considerarse escaso. Dentro da área de estudo describiuse a presenza de restos e moldes naturais de organismos

(fósiles) en diferentes unidades litoestratigráficas. Así mesmo, en determinados ambientes propicios para a súa conservación (lagoas e turbeiras, covas), conserváronse diversas estruturas de seres vivos (pole, fibras vexetais, exoesqueletos quitinosos e calcáreos e endoesqueletos óseos), que constitúen o que en paleontoloxía coñécese como microrrestos. Estas evidencias da actividade pasada dos seres vivos son de gran valor para o establecemento da dinámica paleoambiental do NW Ibérico (Muñoz Sobrino et al., 1997), constituíndo unha parte fundamental do patrimonio natural e cultural.

A orixe do relevo actual da Reserva é consecuencia de factores estruturais (natureza e disposición do substrato rochoso, disposición das redes de fallas e fracturas) e a actuación de diversos sistemas morfoxenéticos ao longo das distintas épocas xeolóxicas. Os materiais litolóxicos máis resistentes á erosión (cuarcitas, granitoides) adoitan sustentar os cumes e sectores máis elevados destas montañas, mentres que os vales e partes baixas aséntanse sobre materiais máis alterables (lousa), que son aquelas polas que máis inciden as redes fluviais. Pola súa banda, a complexa disposición da actual rede fluvial está condicionada, ademais de polos factores anteriores, pola disposición das fallas, fracturas e diaclasas que presenta o rochedo. Dentro da Reserva de Biosfera, a morfoloxía das vertentes está fortemente influenciada pola inclinación e orientación dos estratos, que se atopan intensamente encartados con dirección E-W. Deste xeito, os flancos que miran cara ao S adoitan ser máis suaves que os que están orientados cara ao N. Con todo, a forma das ladeiras débese en boa medida a procesos de erosión remontante dos leitos, intimamente relacionado co ascenso dos bloques corticais que tivo lugar en todo o oriente galego, como resultado dos movementos distensivos que tiveron lugar durante a última fase da oroxenia Alpina (fase Pirenaica) (Pérez Alberti, 1986).

O principal trazo que define de maneira esquemática o relevo das montañas orientais galegas é a combinación de morfoloxías horizontais e verticais, feito que foi posto de manifesto por diferentes autores (Nonn, 1966; Pérez Alberti, 1986). Con todo, o predominio de formas senís que caracteriza a maior parte das áreas montañosas do Macizo Hespérico Peninsular perde, na súa área de contacto coa Cordilleira Cantábrica, parte do seu aspecto alombado en favor dun relevo máis movido, con vales profundamente encaixados e sectores de cumes máis ou menos afiados, como resultado da actuación sucesiva no tempo de diversos sistemas morfoxenéticos.

A montaña dos Ancares lucenses atesoura un singular mosaico de hábitats naturais. Trátase dunha zona tipicamente atlántica de alta e media montaña na que destaca a presenza de importantes masas forestais de carballo e bidueiro, acompañados con abeleiras, capudres, pradairos, teixos, acivros. As zonas de matogueira están amplamente representadas, sendo os brezales secos e os piornales as formacións dominantes. Existen, nalgúns puntos localizados, aciñeirais de alto valor bioxeográfico, como o “aciñeiral de Cruzul”. As áreas cimeiras albergan a representación máis occidental de hábitats subalpinos do continente europeo. Recoñecéronse, no ámbito territorial da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, un total de 35 tipos de hábitats de interese comunitario, dos que 10 son considerados prioritarios. Entre as prácticas de manexo máis destacadas dos hábitats naturais poden citarse o aproveitamento de prados seminaturais por sega ou dente, a conversión de matogueiras a pasteiros, pequenas curtas de bosques naturais ou seminaturais e a recollida de castañas nos soutos (*Castanea sativa*).

Hábitats de Interese Comunitario na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Código	Denominación abreviada do hábitat
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas
3160	Lagos estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano
3270	Ríos de ribeiras lamacentas (<i>Chenopodium rubri</i> p.p., <i>Bidention</i> p.p)
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>E. tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
4060	Queirogais alpinos e boreais
5230 *	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6160	Prados ibéricos silíceos de <i>Festuca indigesta</i>
6210 *	Prados secos seminaturais (<i>Festuco-Brometalia</i>)
6220 *	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230 *	Formacións herbosas con <i>Nardus</i>
6410	Prados con molinias.
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude
6520	Prados de sega de montaña
7110 *	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre sustratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
7220 *	Mananciais petrificantes con formación de tuf (<i>Cratoneurion</i>)
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8210	Encostas rochosas calcícolas con vexetación casmofítica
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310	Covas no explotadas polo turismo
9120	Faiais acidófilos atlánticos
9180 *	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91D0 *	Turbeiras boscosas
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Soutos
9330	Sobreirais
9340	Aciñeirais
9380	Acevedos
9580 *	Bosques mediterráneos de <i>Taxus baccata</i>

Táboa 4.7. Hábitats de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) presentes na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

4.8. Especies de interese para a conservación

A riqueza de hábitats naturais e seminaturais sustenta unha gran diversidade de biocenoses e poboacións silvestres de flora e fauna, entre as que cabe destacar un importante número de especies endémicas, raras ou en perigo de extinción. Esta singularidade viría determinada tanto por condicionantes bioxeográficos e ecolóxicos (illamento, complexidade orográfica e altitudinal), e un equilibrio no aproveitamento dos recursos naturais ao longo do tempo, que favoreceron a persistencia dunha importante biodiversidade.

O territorio da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses inclúe un gran número de especies protexidas pola normativa comunitaria (Directiva Aves, Directiva Hábitat), nacional (Catálogo Nacional de Especies Ameazadas) e autonómica (Catálogo Galego de Especies Ameazadas). Entre as mesmas, cabe destacar, dentro do grupo de flora, a presenza do fento *Lycopodiella inundata* e do briófito *Zygodon conoideus*, ambas as dúas En Perigo de Extinción, así como *Festuca elegans* e *Narcissus pseudonarcissus* subsp. *nobilis*, incluídas nos Anexos II e IV da DC 92/43/CEE. Entre as especies de fauna, a Reserva alberga especies de elevado valor para a conservación, entre as que cabe destacar o cangrexo de río (*Austroptamobius pallipes*, incluído nos Anexos II e V da DC 92/43/CEE, e considerado En Perigo de Extinción no CGEA) e o oso pardo (*Ursus arctos*, especie prioritaria e considerada En Perigo de Extinción no CNEA e no CGEA).

Caso aparte é a situación da pita do monte (*Tetrao urogallus* subsp. *cantabricus*). Especie emblemática e empregada como imaxe da Serra dos Ancares, mostra un estado de conservación desfavorable na Península Ibérica, onde se estima unha poboación de menos de 500 individuos. A comezos do século XXI mantíñase unha pequena poboación (2 femias e 1 macho) no ámbito territorial da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, realizándose distintas actuacións de seguimento, así como de conservación. No ano 2007, ao publicarse o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas), a pita do monte aparece como especie “En Perigo de Extinción”, aínda que a realidade resultaba máis dramática, xa que desde o ano 2005 xa non se observaban individuos nos montes lucenses, o que levou, finalmente, a considerar o ano 2005 para fixar o momento no que a especie pasou a ser considerada como “extinta en estado silvestre” no ámbito da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e, por extensión, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fungos

O catálogo de macromicetes da Reserva de Biosfera supera as 300 especies, con máis de 50 familias, que representa arredor dos taxóns rexistrados en Galicia. De estas, 11 familias engloban máis do 60% dos fungos presentes no territorio, sendo as familias mellor representadas *Tricholomataceae*, *Cortinariaceae*, *Russulaceae* e *Polyporaceae*. A familia *Tricholomataceae* é a que conta cun maior número de especies (51), destacando o xénero *Mycena* con máis de 20. Outra familia de importancia é *Cortinariaceae*, igualmente con máis de 20 especies. (Soliño Pérez, 2004; Castro Cerceda, 2000).

Flora vascular

O interese florístico da Serra dos Ancares é coñecido dende o desenvolvemento da ciencia botánica en Galicia, sendo un dos enclaves máis intensamente prospectados por Baltasar Merino Román [1845,1917], para quen os máis altos cumes dos Ancares constituían lugares emblemáticos de Galicia (véxase apartado de bibliografía). Nos últimos vinte anos, e como consecuencia, fundamentalmente, da realización de diversas teses doutorais, adquiriuse un coñecemento moi preciso das singularidades e valores botánicos da flora vascular da Reserva de Biosfera. A súa importancia a nivel galego queda posta de manifesto polo

grande número de taxóns presentes en diversos grupos taxonómicos. Sirvan estes efectos como exemplo o feito de que arredor do 30% das plantas vasculares ou máis do 20% dos fungos macromicetes presentes en Galicia foron citados dentro dos límites do territorio estudado, a superficie do cal representa menos dun 1% da de Galicia. Ademais de polos seus valores numéricos absolutos, o interese que presenta a flora deste espazo natural tamén se evidencia pola súa importancia dende o punto de vista da conservación da biodiversidade, xa que nel aparece un importante conxunto de especies incluídas na normativa legal de protección. O catálogo florístico da Serra dos Ancares inclúe máis de 800 taxóns, distribuídos en máis de 100 familias. A riqueza florística resulta baixa se a comparamos co resto do territorio Ibérico ou cos países da Rexión Biogeográfica Mediterránea, pero relativamente alta cando se compara á dos países Atlánticos, como Dinamarca, Irlanda ou Bélxica.

Especies de Flora

Taxón	UE	Estado	CCAA
<i>Arabis juressi</i>			Vu
<i>Arnica montana</i>	V		
<i>Campanula adsurgens</i>			Vu
<i>Cardamine raphanifolia</i> subsp. <i>gallaecica</i>			Vu
<i>Cladonia</i> subgenus <i>Cladina</i>	V		
<i>Festuca elegans</i>	II, IV	LPE	
<i>Festuca summilusitanica</i>	II, IV	LPE	
<i>Gentiana lutea</i>	V		
<i>Lycopodiella inundata</i>			En
<i>Narcissus asturiensis</i>	II, IV	LPE	Vu
<i>Narcissus bulbocodium</i>	V		
<i>Narcissus pseudonarcissus</i> subsp. <i>nobilis</i>	II, IV	LPE	Vu
<i>Narcissus triandrus</i>	IV	LPE	
<i>Orchis provincialis</i>		LPE	
<i>Ranunculus serpens</i>			Vu
<i>Ruscus aculeatus</i>	V		
<i>Scrophularia herminii</i>	V		
<i>Sphagnum</i> sp.	V		
<i>Ulota calvescens</i>			Vu
<i>Ulota coarctata</i>			Vu
<i>Zygodon conoideu</i>			En

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben en este e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especie extinta en estado silvestre na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses [Ew].

Táboa 4.8. Relación de especies de flora de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.

Fauna

As características biogeográficas e ecolóxicas da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses determinan a presenza dun importante elenco de especies de invertebrados e vertebrados, de carácter endémico, así como de especies que atopan nestas montañas o seu límite de distribución occidental. O grao de coñecemento actual sobre a fauna existente neste territorio é moi desigual segundo o grupo taxonómico do que se trate. En termos xerais, e á semellanza do que acontece en todo o contexto europeo, os datos sobre distribución e ecoloxía da fauna de vertebrados superan moi amplamente os que se dispoñen para o

conxunto dos invertebrados, para o que se carece mesmo dunha estimación fiable do número de especies presentes, como ocorre na maior parte dos territorios Ibéricos.

Por todo iso, o presente apartado fundamentouse na valoración da fauna de vertebrados, moito mellor coñecida, recorréndose, no apartado de invertebrados, á recompilación de información sobre aquelas especies que figuran nos listados de protección dende o punto de vista da conservación (Convenio de Berna, Anexos das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, Catálogo Galego de Especies Ameazadas). A pesar das limitacións que impón a utilización practicamente exclusiva dos vertebrados na valoración da biodiversidade animal da área de estudo, a maioría dos autores coinciden en que constitúen un grupo fiable dende o punto de vista da diagnose do estado de conservación dun territorio para a súa xestión ambiental, aspecto que a vai recollido nos criterios que a propia Directiva 92/43/CEE establece para a selección e delimitación de espazos integrantes da Rede Natura 2000.

Entre todas as ordes de invertebrados inventariados na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, destaca a de tricópteros, con máis de 80 especies, seguida dos coleópteros. Entre os invertebrados de interese para a conservación presentes na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, inclúense 4 especies: *Elona quimperiana*, *Geomalacus maculosus*, *Lucanus cervus*, *Parnassius apollo*. Trátase de especies incluídas, todas elas, na Directiva 92/43/CEE, ademais de estar recollidas nalgún dos anexos do Convenio de Berna. Cabe subliñar a presenza de *Elona quimperiana*, designada "En Perigo de Extinción" polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Os números totais das diferentes clases de vertebrados mostran unha grande diversidade faunística existente nos Ancares, sendo os motivos desta elevada diversidade factores como a situación do territorio, a variedade de substratos xeolóxicos e situacións topográficas, e a importancia do elemento humano na configuración da paisaxe. A comparación dos datos anteriores cos coñecidos para o resto de Galicia e outros territorios europeos pon de manifesto a importancia do espazo, tanto no contexto galego como ibérico e europeo. As 206 especies de vertebrados (excluídos os peixes continentais) presentes no territorio obxecto de estudo representan preto do 70% do total galego e o 36% do nacional. Tamén se observa, tendo en conta o indicado anteriormente, que a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses posúe unha diversidade superior á do resto de Galicia e á de países europeos como Portugal, Alemaña, Luxemburgo, Bélxica, Países Baixos, Dinamarca, Reino Unido, sendo superada unicamente por España.

Segundo Hervella & Caballero (1999), poboan as augas continentais galegas 27 especies piscícolas, das que 19 son autóctonas e 8 Introducidas. No caso do territorio obxecto de estudo están presentes 3 taxóns de peixes: *Anguilla anguilla*, *Phoxinus phoxinus* e *Salmo trutta* subsp. *fario*. Ningunha destas especies figura nas diferentes normativas de protección a nivel europeo, estatal ou galego. Certas especies autóctonas galegas presentes no ámbito da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses ata hai unhas décadas desapareceron debido á existencia de encoros e presas, que representan unha barreira infranqueable e impiden a súa progresión cara aos territorios interiores. Esta é a situación da lamprea (*Petromyzon marinus*) e a zamborca (*Alosa alosa*) (cf. Hervella & Caballero 1999).

A fauna de anfibios e réptiles da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses inclúe 26 especies, todas elas autóctonas, que representan o 61% do total galego e o 32% das presentes no territorio nacional. No caso dos anfibios (12 especies), o seu número representa unha cifra importante a nivel rexional, pois en toda Galicia citáronse unicamente 15 especies, especialmente se se ten en conta que se trata dun territorio que non destaca por albergar grandes medios lacunares. Unha maior riqueza específica establécese para os réptiles, onde se constata a presenza de 14 especies, que representan arredor do 58% do total de Galicia.

Dentro do grupo dos anfibios, constátase na Reserva de Biosfera a presenza de 3 especies de "limpafontes" (*Triturus* e *Lissotriton*) citados en Galicia. Dúas das especies de anfibios presentes están incluídas no Anexo II da Directiva 92/43/CEE; a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), endemismo do noroeste ibérico que

habita en pequenos cursos de auga limpa e corrente débil, e o sapo pinto (*Discoglossus galganoi*), endemismo do oeste peninsular que pode aparecer en prados húmidos por baixo dos 1000 m na Reserva. Existen, ademais, outras especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, mentres que o Convenio de Berna engloba a toda a herpetofauna europea. Das catro especies de hérpotos galegos incluídas no Anexo II da Directiva 92/43/CEE, dúas son réptiles que presentan poboacións nos Ancares: o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*) e a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*). Por outra banda, figuran no Anexo IV do Directiva Hábitat, ademais dos réptiles citados anteriormente, a cobra lagarteira común (*Coronella austriaca*) e a lagarta dos muros (*Podarcis muralis*).

Máis de 120 especies de aves viven temporal ou permanentemente na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, representando máis do 50% das especies censadas en Galicia. Na súa maioría son nidificantes. Trátase, pois, dunha das zonas de Galicia con maior número de especies nidificantes, especialmente tendo en conta que faltan as propias dos humidais continentais, marismas e de áreas costeiras (SGHN, 1995, 2011). A nivel comunitario, pódese sinalar as 24 especies que figuran no Anexo I da DC 79/409/CEE que gozan dunha protección estrita. Mentres que, a nivel autonómico e estatal, catalóganse como "En Perigo de Extinción" a aguia real (*Aquila chrysaetos*) ou o miñado real (*Milvus milvus*). Das 124 especies orníticas, unha non se inclúe en ningún dos catálogos ou listas consideradas, trátase do pardal común (*Passer domesticus*). Atendendo ás fontes bibliográficas utilizadas (S.G.H.N., 1995, 2011), algunhas aves atópanse en clara regresión ou se estimou a súa desaparición do Espazo Natural, a aguia real (*Aquila chrysaetos*) e a perdiz pardilla (*Perdix perdix*), esta última atopándose en contadas localizacións e en franca regresión.

A listaxe de mamíferos do Espazo Natural consta de 56 especies, todas elas autóctonas, o que constitúe o 88% do total galego e sendo, polo tanto, unha das zonas de Galicia con maior riqueza desta Clase de vertebrados, dentro das cales habería que destacar os grupos de quirópteros e carnívoros. Un total de 21 mamíferos están incluídos nalgún dos anexos da Directiva 92/43/CEE, entre os que destacan o oso pardo (*Ursus arctos*), considerado como especie prioritaria, mentres que a lontra (*Lutra lutra*) e a toupa de auga (*Galemys pyrenaicus*) atópanse incluídas no Anexo II, do mesmo xeito que 4 dos quirópteros presentes no territorio. En canto aos Convenios de Berna e Bonn, recóllense nos seus listados mamíferos que habitan no territorio obxecto de estudo ata sumar un total de 39 especies, o 66% do total de especies presentes na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

En conxunto, e segundo os datos dos que se dispón, unha grande parte dos mamíferos da Reserva de Biosfera presentan poboacións estables ou en lixeiro aumento, como é o caso do corzo (*Capreolus capreolus*) e do xabaril (*Sus scrofa*), seguindo a tónica que se dá no resto da comunidade galega. Con todo, hai outros casos nos que o número de individuos tende a ser cada vez menor, caso da lebre (*Lepus granatensis*) e o coello (*Oryctolagus cuniculus*), tamén en consonancia co rexistrado nesta Comunidade Autónoma.

Unha especie emblemática da montaña cantábrica, que está presente na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses de maneira esporádica, é o oso pardo cantábrico (*Ursus arctos*), catalogada como "En perigo de extinción" (CNEA Decreto 439/1990 e CGEA Decreto 88/2007). Para esta especie redactouse e aprobou un Plan de Recuperación (Decreto 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o plan de recuperación do oso pardo. DOG 114, 16/06/1992) no que se fixa unha Estratexia de Conservación cuxa finalidade é asegurar a viabilidade a longo prazo das súas poboacións cantábricas, tanto nas áreas de distribución actual como potencial. En Galicia, o Plan de Recuperación serviu como base para a solicitude de distintos proxectos Life financiados pola Unión Europea.

Especies de Fauna [I]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Invertebrados			
<i>Austropotamobius pallipes</i>	II,V	Vu	En
<i>Cerambyx cerdo</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Elona quimperiana</i>	II,IV	LPE	En
<i>Euphydryas aurinia</i>	II	LPE	
<i>Geomalacus maculosus</i>	II,IV	LPE	Vu
<i>Hirudo medicinalis</i>	V		
<i>Lucanus cervus</i>	II	LPE	
<i>Parnassius apollo</i>	IV	LPE	
Peixes			
<i>Chondrostoma duriense</i>	II		
Anfibios			
<i>Alytes obstetricans</i>	IV	LPE	
<i>Bufo calamita</i>	IV	LPE	
<i>Chioglossa lusitana</i>	II,IV	Vu	Vu
<i>Discoglossus galganoi</i>	II,IV	LPE	
<i>Hyla arborea</i>	IV	LPE	Vu
<i>Lissotriton boscai</i>		LPE	
<i>Lissotriton helveticus</i>		LPE	
<i>Pelodytes punctatus</i>		LPE	
<i>Rana iberica</i>	IV	LPE	Vu
<i>Rana perezi</i>	V		
<i>Rana temporaria</i>	V	LPE	Vu
<i>Triturus marmoratus</i>	IV	LPE	
Réptiles			
<i>Anquis fragilis</i>		LPE	
<i>Chalcides striatus</i>		LPE	
<i>Coronella austriaca</i>	IV	LPE	
<i>Coronella girondica</i>		LPE	
<i>Iberolacerta monticola</i>	II, IV	LPE	
<i>Lacerta schreiberi</i>	II, IV	LPE	
<i>Lacerta vivipara</i>		LPE	Vu
<i>Natrix maura</i>		LPE	
<i>Natrix natrix</i>		LPE	
<i>Podarcis hispanica</i>		LPE	
<i>Podarcis muralis</i>	IV	LPE	
<i>Timon lepidus</i>		LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben en este e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especie extinta en estado silvestre na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses [Ew].

Táboa 4.9. Relación de especies de fauna [I] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.

Especies de Fauna [II]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Aves			
<i>Accipiter gentilis</i>		LPE	
<i>Accipiter nisus</i>		LPE	
<i>Aegithalos caudatus</i>		LPE	
<i>Alcedo atthis</i>	I	LPE	
<i>Anthus campestris</i>	I	LPE	
<i>Anthus pratensis</i>		LPE	
<i>Anthus spinoletta</i>		LPE	
<i>Anthus trivialis</i>		LPE	
<i>Apus apus</i>		LPE	
<i>Aquila chrysaetos</i>	I	LPE	En
<i>Asio flammeus</i>	I	LPE	
<i>Asio otus</i>		LPE	
<i>Athene noctua</i>		LPE	
<i>Bubo bubo</i>	I	LPE	Vu
<i>Buteo buteo</i>		LPE	
<i>Caprimulgus europaeus</i>	I	LPE	
<i>Carduelis spinus</i>		LPE	
<i>Certhia brachydactyla</i>		LPE	
<i>Cettia cetti</i>		LPE	
<i>Chlidonias hybridus</i>	I	LPE	
<i>Ciconia ciconia</i>	I	LPE	
<i>Cinclus cinclus</i>		LPE	
<i>Circaetus gallicus</i>	I	LPE	
<i>Circus cyaneus</i>	I	LPE	Vu
<i>Circus pygargus</i>	I	Vu	Vu
<i>Cuculus canorus</i>		LPE	
<i>Delichon urbica</i>		LPE	
<i>Dendrocopos major</i>		LPE	
<i>Dendrocopos medius</i>	I	LPE	
<i>Dryocopus martius</i>	I	LPE	
<i>Emberiza cia</i>		LPE	
<i>Emberiza cirrus</i>		LPE	
<i>Emberiza citrinella</i>		LPE	
<i>Emberiza hortulana</i>	I	LPE	
<i>Erethacus rubecula</i>		LPE	
<i>Falco peregrinus</i>	I	LPE	
<i>Falco subbuteo</i>		LPE	
<i>Falco tinnunculus</i>		LPE	
<i>Fringilla montifringilla</i>		LPE	
<i>Galerida cristata</i>		LPE	
<i>Hieraaetus pennatus</i>	I	LPE	
<i>Hippolais polyglotta</i>		LPE	
<i>Hirundo daurica</i>		LPE	
<i>Hirundo rustica</i>		LPE	
<i>Jynx torquilla</i>		LPE	
<i>Lanius collurio</i>	I	LPE	
<i>Lanius meridionalis</i>		LPE	
<i>Lullula arborea</i>	I	LPE	
<i>Luscinia megarhynchos</i>		LPE	
<i>Milvus migrans</i>	I	LPE	
<i>Monticola saxatilis</i>		LPE	
<i>Monticola solitarius</i>		LPE	
<i>Motacilla alba</i>		LPE	
<i>Motacilla cinerea</i>		LPE	
<i>Muscicapa striata</i>		LPE	

<i>Oenanthe oenanthe</i>			LPE	
<i>Oriolus oriolus</i>			LPE	
<i>Parus ater</i>			LPE	
<i>Parus caeruleus</i>			LPE	
<i>Parus cristatus</i>			LPE	
<i>Parus major</i>			LPE	
<i>Parus palustris</i>			LPE	
<i>Perdix perdix</i>		I		Vu
<i>Pernis apivorus</i>		I	LPE	
<i>Petronia petronia</i>			LPE	
<i>Phoenicurus ochruros</i>			LPE	
<i>Phoenicurus ochruros</i>			LPE	Vu
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>			Vu	
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>			Vu	Vu
<i>Phylloscopus bonelli</i>			LPE	
<i>Phylloscopus collybita</i>			LPE	
<i>Phylloscopus ibericus</i>			LPE	
<i>Phylloscopus sibilatrix</i>			LPE	
<i>Picus viridis</i>			LPE	
<i>Prunella collaris</i>			LPE	
<i>Prunella modularis</i>			LPE	
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>			LPE	
<i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i>		I	LPE	
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>			LPE	
<i>Regulus ignicapilla</i>			LPE	
<i>Regulus regulus</i>			LPE	
<i>Saxicola rubetra</i>			LPE	
<i>Saxicola torquata</i>			LPE	
<i>Scolopax rusticola</i>				Vu
<i>Sitta europaea</i>			LPE	
<i>Strix aluco</i>			LPE	
<i>Sylvia atricapilla</i>			LPE	
<i>Sylvia borin</i>			LPE	
<i>Sylvia cantillans</i>			LPE	
<i>Sylvia communis</i>			LPE	
<i>Sylvia undata</i>		I	LPE	
<i>Tetrao urogallus subsp. cantabricus</i>	Ew	I	En	En
<i>Tichodroma muraria</i>			LPE	
<i>Tringa ochropus</i>			LPE	
<i>Troglodytes troglodytes</i>			LPE	
<i>Tyto alba</i>			LPE	
<i>Upupa epops</i>			LPE	

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben en este e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especie extinta en estado silvestre na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses [Ew].

Táboa 4.10. Relación de especies de fauna [II] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.

Especies de Fauna [III]

Taxón	UE	Estado	CCAA
Mamíferos			
<i>Canis lupus</i>	V	LPE	
<i>Capra pyrenaica</i>	V		
<i>Eptesicus serotinus</i>	IV	LPE	
<i>Felis silvestris</i>	IV	LPE	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	II, IV	Vu	Vu
<i>Genetta genetta</i>	V		
<i>Hypsugo savii</i>	IV	LPE	
<i>Lutra lutra</i>	II, IV	LPE	
<i>Martes martes</i>	V		
<i>Miniopterus schreibersii</i>	II, IV	Vu	Vu
<i>Mustela erminea</i>		LPE	
<i>Mustela putorius</i>	V		
<i>Myotis daubentonii</i>	IV	LPE	
<i>Myotis emarginata</i>	II, IV	Vu	Vu
<i>Myotis myotis</i>	II, IV	Vu	Vu
<i>Myotis nattereri</i>	IV	LPE	
<i>Nyctalus leisleri</i>	IV	LPE	
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	IV	LPE	
<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	IV	LPE	
<i>Plecotus auritus</i>	IV	LPE	
<i>Plecotus austriacus</i>	IV	LPE	
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	II, IV	Vu	Vu
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	II, IV	LPE	Vu
<i>Tadarida teniotis</i>	IV	LPE	
<i>Ursus arctos</i>	II*, IV	En	En

Especies protexidas pola normativa europea [UE], indicando o Anexo da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) na que figura. Especies protexidas pola normativa española: [Estado]. Especies incluídas unicamente na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LPE), ou ben en este e no Catálogo Español de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especies protexidas pola normativa da Xunta de Galicia [CCAA], incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría En Perigo de Extinción (En) ou Vulnerable (Vu). Especie extinta en estado silvestre na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses [Ew].

Táboa 4.11. Relación de especies de fauna [III] de interese para a conservación na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.

4.9. Especies de importancia económica

Relacionados co establecemento e dinámica dos agrosistemas tradicionais, existe un importe elenco de razas gandeiras de vacún, equino, ovino, caprino, e cultivares locais tanto de especies leñosas (*Castanea sativa*, *Juglans regia*, *Malus domestica*, *Prunus avium*, *Prunus cerasus*, *Prunus domestica*) como de cereais (*Triticum aestivum*, *Secale cereale*), e diferentes especies hortícolas (*Brassica oleracea*, *Brassica rapa*, *Brassica napus*), acompañadas con outras de orixe máis dispar e destinadas, maioritariamente, ao autoconsumo (patacas, allos, cebolas, leitugas, pementos, cenorias, etc.). Nos prados de dente e de sega consérvase, ademais, un importante grupo de especies (*Achillea millefolium*, *Agrostis* spp., *Anthoxanthum odoratum*, *Arnica montana*, *Arrhenatherum elatius*, *Campanula patula*, *Cynosurus cristatus*, *Dactylis glomerata*, *Dactylorhiza elata*, *Dactylorhiza maculata*, *Daucus carota*, *Festuca pratensis*, *Heracleum sphondylium*, *Holcus lanatus*, *Juncus* spp., *Lathyrus pratensis*, *Leucanthemum vulgare*, *Linum bienne*, *Lotus corniculatus*, *Malva moschata*, *Molinia caerulea*, *Narcissus asturiensis*, *Narcissus bulbocodium*, *Narcissus pseudonarcissus*, *Orchis morio*, *Plantago lanceolata*, *Poa pratensis*, *Rhinanthus minor*, *Sanguisorba officinalis*, *Serapias* spp., *Trifolium pratense*, *Vicia cracca*, etc.).

4.10. Instrumentos de Xestión

Dada a configuración da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, o instrumento de planificación das áreas naturais protexidas é o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Ramil-Rego & Crecente Maseda, 2012), aprobado mediante o Decreto 37/2014 (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. DOG 62, 31/03/2014). Este plan artículase como instrumento de planificación e xestión, adaptándose á figura dun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) prevista na normativa estatal e autonómica de biodiversidade, complementando os obxectivos expostos nas propias normativas autonómicas e estatais, cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000. A finalidade deste Plan é asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e especies de interese comunitario, así como as aves recollidas na DC 2009/147/CEE. As disposicións contidas no Plan Director da Rede Natura 2000 constitúen un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física, prevalecendo sobre os xa existentes, condición indispensable para evitar a actual perda de biodiversidade e afeccións sobre o medio natural producido polo home.

Na Reserva de Biosfera inciden, ademais, distintos instrumentos básicos referidos á xestión territorial, como as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), a Estratexia da paisaxe galega e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (Orde PCM/735/2021, do 9 de xullo, pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (BOE 116, 13/07/2021)).

A maioría das especies catalogadas en En Perigo ou Vulnerables carecen dos correspondentes instrumentos de xestión acordes coas figuras contempladas na normativa estatal e autonómica para as especies que forman parte do Catálogo Español de Especies Ameazadas e/ou do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

4.11. Estado de conservación

A Directiva Aves e a Directiva Hábitat fixaron unha listaxe de hábitats e especies de flora e fauna de interese comunitario, que se complementa coas listaxes de protección que se establecen no Estado e na Comunidade Autónoma de Galicia. En ambas as normativas europeas fíxase, ademais, a obriga de someter a avaliación periódica o estado de conservación destes compoñentes (artigo 12 da Directiva Aves, artigo 17 da Directiva Hábitat), que inclúe tanto a avaliación do devandito estado en distintos períodos sexenales como a identificación dos factores que inciden sobre o estado de conservación, así como unha previsión da súa evolución futura. Os resultados da avaliación nos últimos 4 períodos (1994-2000, 2001-2006, 2007-2012, 2013-2018) pode consultarse no servidor da Axencia Europea de Medio Ambiente (<https://ec.europa.eu/environment/nature/knowledge/>). Nunha recente publicación (Ramil-Rego, 2021), recóllense e discuten os datos referidos a Galicia en relación cos tipos de hábitats de interese comunitario, concluíndo que ningún deles pode considerarse que se atopa nun estado de conservación favorable.

Paralelamente ao procedemento de avaliación do estado de conservación dos hábitats e as especies de interese comunitario, a Comisión Europea estableceu na Directiva Marco da auga un procedemento para a avaliación dos ecosistemas acuáticos, procedemento de avaliación periódica que, no caso do territorio da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucense, realizan as demarcacións hidrográficas do Cantábrico e a do Miño-Sil.

5

Poboación e actividade humana

Os municipios que forman a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses posúen, na actualidade, unha poboación total de 5.002 habitantes, os cales se atopan conformados, na súa maioría (>70%), por poboación rural distribuída en pequenos núcleos dispersos no territorio. Nas capitais de municipio albérgase soamente algo menos dun terzo da poboación (<30%). A poboación da Reserva de Biosfera ten un carácter permanente. Ao longo do ano existen pequenas variacións estacionais relacionadas cos diversos períodos vacacionais e coa celebración de festas patronais e populares. O fluxo turístico, atraído polo carácter montañoso da paisaxe, aínda que é importante, non supón un cambio significativo na poboación global da reserva, aínda que xera usos e demandas distintas en relación coa poboación de carácter local. A densidade de poboación no conxunto da Reserva de Biosfera é de 7,62 hab/km², alcanzando en varios termos municipais valores inferiores aos 5,00 hab/km², cifras que se sitúan por baixo da media española, galega e provincial lucense.

A demografía da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses caracterízase por unha progresiva redución, un forte envellecemento e unha reducida densidade de poboación, situación que vén determinada por factores xeográficos, tanto vinculados polas condicións ambientais, especialmente aquelas vinculadas coa fisiografía e a climatoloxía, como polo feito de representar un territorio periférico dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, con comunicacións moi difíciles cos principais centros políticos e administrativos.

Municipios	Superficie	Poboación, 2020	Densidad
Becerreá	172,01 km ²	2.755 habitantes	16,01 habitantes/km ²
Cervantes	277,60 km ²	1.250 habitantes	4,50 habitantes/km ²
Navia de Suarna	243,65 km ²	997 habitantes	4,09 habitantes/km ²

Táboa 5.1. Densidade de poboación nos municipios que conforman a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses no ano 2020.

Poboación da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Municipios	1900	1910	1930	1950	1970	1991	2001	2010	2020
Becerreá	9.513	8.689	7.864	7.015	5.762	3.992	3.732	3.181	2.755
Cervantes	7.181	7.557	7.245	7.952	4.294	2.372	2.243	1.695	1.250
Navia de S.	6.670	7.034	6.633	6.546	4.995	2.136	1.974	1.421	997
Total Reserva	23.364	23.280	21.742	21.513	15.051	8.500	7.949	6.297	5.002

Táboa 5.2. Poboación total nos municipios da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses entre o ano 1900 e o ano 2020. Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Instituto Galego de Estatística.

Poboación da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses




Figura 5.1. Dinámica da poboación na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses entre 1900 e 2020. Elaborada a partir dos datos de poboación recopilados polo Instituto Nacional de Estadística e o Instituto Galego de Estatística.

Nas décadas iniciais do século XX, a poboación dos termos municipais que configuran a actual Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses superaba as 23.000 persoas. A partir da década dos anos trinta iníciase unha lenta, pero progresiva, redución do número de habitantes, que se acentúa a partir da década dos corenta, momento no que se produce unha importante migración con destino a diferentes países americanos, especialmente á Arxentina e Venezuela. Nas décadas posteriores, sobre todo dende finais dos sesenta ata os oitenta, os destinos dos emigrantes foron distintos. Primeiro emigrouse a países europeos como Alemaña ou Suíza, que se atopaban realizando grandes investimentos en industrialización e para o que demandaban moita man de obra. A emigración cara Europa foi mudando, segundo a economía española tamén se recuperaba, cara ás grandes cidades como Barcelona, Bilbao e Madrid. O lugar de destino dependía, en moitas ocasións, de ter xente coñecida ou un traballo asegurado. Así, moitos marchaban a lugares onde xa había emigrados do lugar, ben familiares, ben veciños, sendo o principal destino Barcelona, seguido de Madrid. A inicios do século XXI, a perda de poboación alcanzaba 2/3 da poboación rexistrada cen anos antes, unha dinámica de perda que continua nos anos posteriores e que determina, na actualidade, que a poboación alcance as 5.002 persoas, perdéndose, en consecuencia, practicamente o 80% da poboación existente a comezos do século XX.

Idade media e clases de idade por municipio na Reserva de Biosfera

Municipios	Parroquias	Lugares	Clases de idade					P2020
			P2001	Im	<20	21-64	>65	
Becerreá	26	133	3.732	49,5	13,7%	53,9%	32,5%	2.755
Cervantes	21	137	2.243	51,4	11,5%	52,6%	35,8%	1.250
Navía de Suarna	20	106	1.974	54,7	9,4%	48,7%	41,9%	997

Número de parroquias [Parroquias] e lugares [Lugares] por termo municipal. Poboación censada en 2001 [P2001]. Idade media por termo municipal en 2001 (Im). Porcentaxe de poboación segundo as clases de idade: <20 anos, entre 21-64 anos, máis de 65 anos, segundo o censo de 2001. Poboación en 2020. [P2020]

Táboa 5.3. Idade media e clases de idade (%) nos termos municipais que conforman a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses. Fonte: Instituto Galego de Estatística.

5.1. Patrimonio cultural

A caracterización da historia do uso da terra do ámbito territorial da Reserva de Biosfera “Os Ancares Lucenses” desenvolveuse de forma paralela á acaecida no resto da montaña ancarensa e, en termos xerais, similar á rexistrada no NW Ibérico. Na cova de Valdavara (Becerreá) rexístranse evidencias das ocupacións humanas do Paleolítico Superior, o Mesolítico, o Neolítico e a Idade de Bronce (Vaquero Rodríguez et al. 2008).

Da época prehistórica destaca, igualmente, o conxunto de túmulos e cámaras megalíticas. Son coñecidos como mámoas ou medorras, con diferentes variacións dialectais destes nomes, e supoñen un tipo diferenciado dos do resto da Península. Constitúen a primeira construción de “monumentos” como tales. Na actualidade investiganse as complexas relacións, moitas veces de carácter visual, entre os seus emprazamentos, as primitivas vías de comunicación e os asentamentos primitivos. Os investigadores falan dunha arqueoloxía da paisaxe na que estes monumentos formarían unha malla coa función de ordenar e entender o territorio.

Os castros son xacementos prehistóricos que destacan polo seu número. Constitúen a forma de asentamento da poboación dende a Idade do Bronce ata o final da romanización. A maioría atópanse sen escavar, e son recoñecibles pola súa forma redondeada e a súa situación en elevacións do terreo, alterando a liña do horizonte. En ocasións, aprécianse os restos dos aneis defensivos que os circunvalaban. É un exemplo relevante o castro de Santa María en Cervantes.

A invasión e ocupación romana queda de manifesto nos rexistros paleambientais coa intensificación da explotación dos recursos naturais. A conquista árabe debeu ser moi escasa, se consideramos os inexistentes indicios daquela invasión na zona, dificultada pola agreste xeografía. Pronto o reino astur comeza a expansión cara o sur da cordilleira Cantábrica durante o reinado de Alfonso I (739-757) e este territorio reorganizase. Varios castelos dan testemuño do importante pasado medieval da zona. Destacan os castelos de Doiras, Frades e Quindous, no municipio de Cervantes. O conxunto da arquitectura civil complétase coas casas, casas-torre e pazos, como casa torre de Donís e o pazo de Pando, en Cervantes, ou casa pazo de Freixís, en Navía de Suarna.

A numerosa arquitectura relixiosa está representada por unha serie de igrexas parroquiais e capelas, case sempre perfectamente integradas no medio físico, distribuídas por todo o territorio. Moitas destas construcións responden a unha tipoloxía específica de igrexas de montaña, cos seus cabidos característicos.

A arquitectura de colmo materializa a supervivencia das formas de habitación máis antigas da nosa cultura. Supón un tipo de extraordinaria orixinalidade, vestixio dun pasado xa desaparecido no resto de Galicia, polo que a súa importancia, dende o punto de vista etnográfico e arquitectónico, é excepcional. O expoñente máis importante desta arquitectura popular é a palloza. Esténdese por unha área de planta circular ou elíptica, con forte protagonismo da cuberta. Moitos autores ven nelas a evolución natural, sen interrupcións, das construcións castrexas, aínda que este punto require investigacións máis profundas. O máis destacable das pallozas é a súa adaptación, por unha banda, á hostilidade do medio e, por outro, ás demandas da vida nas serras, sendo capaz de albergar todo o necesario para non depender do exterior nos períodos de illamento, todo isto cuns recursos moi limitados.



Figura 5.2. Ponte sobre o río Navia, en Navia de Suarna, construído no século XIV. Fotografía: Turgalicia.

O patrimonio inmaterial é igualmente importante, aínda que escasamente estudado, podéndose destacar a rica e pouco estudada toponimia do territorio, as numerosas lendas de tradición oral, os festexos tradicionais, os oficios tradicionais da zona (canteiros, ferreiros, carpinteiros, serranchíns, fiadeiras, tecedeiras, afiadores, feirantes, seitureiros, curtidores, zapateiros, telleiros, muíneiros etc.), en moitos dos cales se pode observar a influencia da colonia xudía presente no territorio.

5.2. Situación socio-económica

As principais fontes de información utilizadas para a elaboración deste apartado son os datos recompilados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE). Esta información mostra que a poboación de 16 anos ou máis, na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, representa máis do 85% da poboación censada, dentro da cal a maioría son xubilados (2.447 persoas, 38,86% da poboación total), superando aos ocupados (2.153 persoas, 34,19% da poboación total). O número de persoas que figura como parados é de 429 (6,81%). Estes valores son comúns cos que se observan noutras áreas de montaña, onde o despoboamento e o envellecemento da poboación condiciona a actividade económica.

Poboación ocupada na Reserva de Biosfera

Municipios	Poboación	Ocupados	Parados	Jubilados	Outras	Total	%
Becerreá	3.181	1.191	343	1.015	274	2.823	37,44
Cervantes	1.695	575	---	725	---	1.300	33,92
Navia de Suarna	1.421	387	86	707	86	1.266	27,23

Poboación (censo 2010). Poboación de máis de 16 anos (ocupados, parados, xubilados, outras, total). Porcentaxe de poboación ocupada fronte á poboación censada (%).

Táboa 5.4. Poboación ocupada na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses Información obtida do Instituto Galego de Estatística (IGE), incluída no censo de poboación e vivendas 2011, elaborado a partir dos datos proporcionados polo INE.

En canto á estrutura sectorial da poboación ocupada, segundo os datos recompilados polo Instituto Galego de Estatística, a maior parte da poboación ocupada vincúlase cos Servizos (50,53%), que supera á poboación vinculada coa Agricultura (28,38%). Existe, tamén, un pequeno grupo de persoas (21,09%) cuxa actividade non se asocia a ningún dos sectores económicos. Os datos actuais da estrutura sectorial da poboación ocupada son moi diferentes á rexistrada na primeira metade do século XX, cando a agricultura era o sector que máis número de traballadores incluía.

Poboación ocupada por sectores económicos na Reserva de Biosfera

Municipios	Agricultura	Construción	Industria	Servizos	Outro	Total
Becerreá	294	---	---	660	237	1.191
Cervantes	216	---	---	242	117	575
Navia de Suarna	101	---	---	186	100	387

Poboación ocupada con máis de 16 anos segundo a rama de actividade. Información obtida do Instituto Galego de Estatística (IGE), incluída no censo de poboación e vivendas 2011, elaborado a partir dos datos proporcionados polo INE.

Táboa 5.5. Distribución por sectores da poboación ocupada na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses. Información obtida do Instituto Galego de Estatística (IGE), incluída no censo de poboación e vivendas 2011, elaborado a partir dos datos proporcionados polo INE.

De calquera modo, a porcentaxe de persoas dedicadas ao sector agrícola resulta aínda moi superior fronte á media galega (7,25%) ou mesmo provincial (6,51%), onde se computa tanto os traballadores do rural como os traballadores que realizan a súa actividade no medio mariño (mariscadores, pescadores). Pola contra, en Galicia a poboación ocupada vinculada co sector servizos alcanza o 68,31%, mentres que na provincia de Lugo calcúlase en 70,19%, valores que superan aos rexistrados na Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.

Poboación ocupada por sectores económicos en Galicia

Municipios	Poboación	Agricultura	Construción	Industria	Servizos	Total
Galicia	2.795.422	74.622	94.393	156.859	702.763	1.028.637
A Coruña	1.147.124	28.394	39.347	62.112	305.878	435.731
Lugo	351.530	19.794	12.340	16.294	84.549	132.977
Ourense	333.257	6.419	12.110	16.361	77.536	112.426
Pontevedra	963.511	20.015	30.596	62.092	234.801	347.504

Poboación (censo 2010). Poboación ocupada de máis de 16 anos (ocupados, parados, xubilados, outras, total). Porcentaxe de poboación ocupada fronte á poboación censada (%).

Táboa 5.6. Distribución por sectores da poboación ocupada en Galicia e nas provincias galegas. Información obtida do Instituto Galego de Estatística (IGE), incluída no censo de poboación e vivendas 2011, elaborado a partir dos datos proporcionados polo INE.

Como criterio xeral, pódese dicir que o territorio da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses non dispón dun tecido empresarial asentado e estable, apenas existe unha estrutura estable de relacións internas de carácter mercantil ou sequera unha agrupación de empresas cunha continuidade asegurada no tempo. A maioría das empresas rexistradas no territorio da Reserva correspóndense con actividades desenvolvidas por autónomos (>80%), superando a media rexistrada a nivel provincial (71%) ou autonómico (65%), sinal claro dun sistema empresarial pouco desenvolvido e estabilizado. Todas as empresas situadas na Reserva son de pequeno tamaño e, en xeral, de carácter familiar.

Sector agrícola

- 6.- Promover investimentos e servizos propios da Reserva.
- 7.- Promover acordos de colaboración con outras entidades que coincidan substancialmente cos obxectivos da Reserva.
- 8.- Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención no ámbito do desenvolvemento sostible.
- 9.- Participar nos plans, programas ou proxectos promovidos a nivel local ou sectorial que poidan incidir nos seus labores.
- 10.- Promover criterios e medidas para coordinar harmonicamente os intereses e as actividades dos sectores representados cos obxectivos e as actuacións na Reserva.
- 11.- Expoñer ao Órgano Reitor de Reserva iniciativas, propostas e suxestións para o mellor logro das finalidades de coordinación, harmonización e participación e, en xeral, dos obxectivos específicos da Reserva.
- 12.- Emitir informe sobre os asuntos que o Órgano Reitor da Reserva lle someta.

9

Articulación do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera

O Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses [RBANCL] estrutúrase en 4 grandes liñas establecidas en conformidade cos obxectivos e directrices do Programa Home e Biosfera e, concretamente, coas contidas no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas de Biosfera e no Plan de Acción de Ordesa - Viñamala para a Rede de Reservas de Biosfera Españolas.

69

Liñas de actuación do Plan de Xestión

- Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera
- Liña 2 Función de conservación da Reserva de Biosfera
- Liña 3 Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva de Biosfera
- Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva de Biosfera

Táboa 9.1. Liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Cada unha das Liñas do Plan de Xestión vincúlase cos obxectivos contemplados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas de Biosfera e no Plan de Acción de Ordesa-Viñamala para a Rede Española de Reservas de Biosfera, incorporando no ámbito da función de conservación as liñas contempladas no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, así como os obxectivos e metas fixados, no ano 2022, no Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica. En cada unha das liñas fíxanse distintas actuacións, que se describen brevemente, indicando, ademais, os responsables directos da súa execución e o período temporal contemplado para o seu desenvolvemento.

O número final de accións expostas no Plan é de 14, catro na liña de Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera, tres para a liña de Actuacións vinculadas coa función de conservación, outras catro para a liña de Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico, e tres actividades ligadas á función de apoio loxístico da Reserva de Biosfera.

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera

✘ Accións

- **Acción 1.1.** Mellora do funcionamento da Reserva.
- **Acción 1.2.** Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas declaradas no territorio.
- **Acción 1.3.** Fortalecer as sinerxías coas entidades públicas e privadas do territorio.
- **Acción 1.4.** Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

✘ Accións

- **Acción 2.1.** Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva de Biosfera
- **Acción 2.2.** Conectividade ecolóxica
- **Acción 2.3.** Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

✘ Accións

- **Acción 3.1.** Responsabilidade social.
- **Acción 3.2.** Medio rural.
- **Acción 3.3.** Medio urbano e áreas grises.
- **Acción 3.4.** Actividades de uso público.

Liña 4 Actuacións vinculadas coa función de apoio loxístico

✘ Accións

- **Acción 4.1.** Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.
- **Acción 4.2.** Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades.
- **Acción 4.3.** Redes.

Táboa 9.2. Liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

En cada unha das liñas establécense unha serie de indicadores para permitir unha adecuada valoración do grao de cumprimento e, en consecuencia, da consecución dos obxectivos do Plan. Entre os indicadores, introdúcense os fixados polo Comité Español do Programa M&B no Cuestionario de seguimento da Rede Española de Reservas de Biosfera.

Na descrición das distintas liñas empregáronse as seguintes abreviaturas: Reserva de Biosfera [RRBB]. Órgano Reitor da Reserva de Biosfera [ORRB]. Xestor da Reserva de Biosfera [Xestor]. Órgano de Participación da Reserva de Biosfera [OPRB].

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera

✘ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- * Selección, planificación e implementación aberta e participativa das RRBB.
- * Integración das RRBB na lexislación, as normativas ou os programas pertinentes, xunto ao apoio ao funcionamento das RRBB.

✘ Accións.

● **Acción 1.1.** Manter os órganos da Reserva e fortalecer o seu funcionamento

O desenvolvemento normal da actividade da Reserva conleva a modificación dos seus órganos, cubrindo as vacantes nos mesmos, así como favorecendo os procesos de participación e a difusión dos acordos e medidas adoptadas.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Actualizar as posibles vacantes nos órganos de goberno da Reserva
 - ❖ Convocar e realizar as reunións ordinarias dos órganos da Reserva.
 - ❖ Facilitar os procesos de participación da cidadanía.
 - ❖ Difundir os acordos e medidas adoptadas na web
 - * **Axentes implicados** ORRB, OPRB, Xestor
 - * **Duración** Continuo ao longo do Plan
- **Acción 1.2.** Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas declaradas no territorio.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Colaborar cos xestores dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Natura 2000 existentes no ámbito territorial da Reserva de Biosfera.
- ❖ Propiciar, en colaboración coas entidades xestoras dos espazos naturais protexidos e dos espazos protexidos Natura 2000, actuacións de restauración ambiental da contorna e de integración paisaxística.
- ❖ Coordinar as actuacións de uso público no territorio da Reserva, propiciando que estas se realicen de forma racional, sostible e segura para os usuarios, evitando, ou reducindo ao mínimo, os posibles impactos sobre os compoñentes do Patrimonio Natural e Cultural.
- ❖ Propiciar a integración do Patrimonio Natural e Cultural da Reserva na promoción e difusión desta, tanto no ámbito local, rexional como internacional.
- * **Axentes implicados** ORRB, Xestor, OPRB, outras entidades.
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan

● **Acción 1.3.** Fortalecer as sinerxías coas entidades públicas e privadas do territorio.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Promover, de ser necesario, acordos con entidades públicas ou privadas para lograr o cumprimento dos obxectivos e fins da Reserva de Biosfera.
- ❖ Fomentar as actuacións coas entidades de custodia do territorio e as ONG de carácter ambiental.
- ❖ Fomento de experiencias de custodia do territorio en colaboración público-privada para poñer en marcha prácticas de manexo sostibles.
- ❖ Difusión da custodia do territorio, obxectivos e beneficios como fórmula adecuada de xestión.
- * **Axentes implicados** ORRB, OPRB, Xestor, outras entidades.
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan

- **Acción 1.4.** Estratexia de comunicación e difusión da Reserva.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Aprobar e difundir a memoria anual de actividades da Reserva de Biosfera.
- ❖ Creación dunha estratexia de comunicación da Reserva de Biosfera.
- ❖ Manter e implementar a información da Reserva a través da súa propia páxina web e doutros medios de comunicación.
- ❖ Avaliar, en coordinación coas administracións competentes, a sinalización existente na Reserva, repoñendo a imprescindible e eliminando a reiterativa, innecesaria ou que xere un impacto visual.
- ❖ Establecer acordo co Comité Español de Reservas de Biosfera a sinalética da Reserva nas principais vías de comunicación.
- ❖ Adecuar as instalacións de uso público no medio natural, tomando, no seu caso, medidas para mitigar os seus posibles impactos e dotándoas dos servizos necesarios acordos coa súa tipoloxía e características.
- ❖ Elaboración de documentación divulgativa sobre a Reserva (guías, folletos, mapas, etc).
- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB,
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan

✘ **Indicadores**

- ❖ Aprobación e difusión da memoria anual de actividades.
- ❖ Número de reunións dos órganos da Reserva realizadas por ano
- ❖ Publicación dos acordos máis importantes na web e medios de comunicación
- ❖ Elaboración da estratexia de comunicación da Reserva de Biosfera
- ❖ Cumprimento dos apartados 1 a 4 do Cuestionario de seguimento das Reservas de Biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

✘ **Valoración dos indicadores**

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 1.

Táboa 9.3. Obxectivos e accións da liña de actuación 1 do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Liña 2 Actuacións vinculadas coa función de conservación da Reserva

✦ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- * Recoñecemento das Reservas de Biosfera (RRBB) como modelos que contribúen á implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos Acordos Multilaterais Ambientais (AMUMA).
- * Recoñecemento das RRBB como xeradoras e protectoras de servizos dos ecosistemas.

Obxectivos estratéxicos contemplados no Marco Global da Diversidade Biolóxica (CDB, 2022)

- * Mantense, auméntase ou se restablece a integridade, a conectividade e a resiliencia de todos os ecosistemas, aumentando substancialmente a superficie dos ecosistemas antes de 2050; detense a extinción inducida polos seres humanos, e, para 2050, o ritmo e o risco da extinción de todas as especies redúcese á décima parte e a abundancia das poboacións silvestres autóctonas elévase a niveis saudables e resilientes; A diversidade xenética e o potencial de adaptación das especies silvestres e domesticadas mantense, salvagardando o seu potencial de adaptación
- * A diversidade biolóxica utilízase e xestiona de maneira sostible, e as contribucións da natureza ás persoas, tales como as funcións e os servizos dos ecosistemas, valóranse, mantéñense e mellóranse, cun restablecemento dos actualmente en declive, apoiando o logro do desenvolvemento sostible dentro dos límites planetarios
- * Os beneficios monetarios e non monetarios da utilización dos recursos xenéticos e dos coñecementos tradicionais asociados ou conexos, segundo proceda, compártense en forma xusta e equitativa, e en particular, cando corresponda, cos pobos indíxenas e as comunidades locais, e para 2050 increméntanse substancialmente, á vez que se protexen os coñecementos tradicionais asociados son os recursos xenéticos, contribuíndo así á conservación e utilización sostible da diversidade biolóxica de conformidade cos instrumentos de acceso e participación nos beneficios acordados internacionalmente.
- * Os medios de implementación adecuados, incluídos recursos financeiros, creación de capacidade, cooperación técnica e científica, e acceso a tecnoloxía e a súa transferencia, para implementar plenamente o Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica resérvanse e son accesibles de maneira equitativa a todas as Partes, especialmente aos países en desenvolvemento e os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, e os países con economías en transición, reducindo gradualmente o déficit de financiamento da biodiversidade de 700.000 millóns de dólares dos Estados Unidos ao ano, e harmonizando os fluxos financeiros co Marco mundial Kunming-Montreal da diversidade biolóxica coa Visión da Diversidade Biolóxica para 2050.

✦ Accións.

- **Acción 2.1.** Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Propiciar o seguimento e avaliación do estado de conservación dos compoñentes da Biodiversidade e do Patrimonio Natural.
- ❖ Colaborar no mantemento ou mellora do estado de conservación de hábitats naturais – seminaturais, en especial aqueles incluídos no Anexo I da DC 92/43/CEE.
- ❖ Colaborar no mantemento ou mellora do estado de conservación das especies protexidas.
- ❖ Colaborar na sustentabilidade da actividade cinexética e piscícola.
- ❖ Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.
- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB
- * **Duración** Continuo ao longo do Plan

- **Acción 2.2.** Conectividade ecolóxica e infraestruturas verdes.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Avaliar as necesidades e medidas para a mellora da conectividade ecolóxica na Reserva
- ❖ Promoción de medidas de restauración vinculadas coa infraestrutura verde.
- ❖ Favorecer a creación de illas de Biodiversidade nas grandes superficies de espazos artificiais.
- ❖ Promover e colaborar na redución ou mitigación dos impactos paisaxísticos.
- ❖ Promover a restauración, conservación ou creación de sebes vexetais nos agrosistemas.
- ❖ Promover a recuperación e mantemento de pequenas charcas e estanques, especialmente como hábitats de poboacións de anfibios e invertebrados protexidos.
- ❖ Inventariar e avaliar os recursos etnobiolóxicos que forman parte da paisaxe rural tradicional e dos agrosistemas, incorporándoos ao catálogo aberto do Patrimonio inmaterial das Reservas de Biosfera Españolas.
- ❖ Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.

★ **Axentes implicados** Xestor, OPRB

★ **Duración** Continuo ao longo do Plan

- **Acción 2.3.** Vixilancia e control de especies exóticas invasoras.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Promover o seguimento e avaliación das especies exóticas e, especialmente, daquelas que manifestan un comportamento invasor no territorio e que sexan susceptibles de ser controladas.
- ❖ Promover accións de control (prevención, mitigación, erradicación) e restauración das áreas afectadas por especies exóticas invasoras.

★ **Axentes implicados** Xestor, OPRB

★ **Duración** Continuo ao longo do Plan

✕ **Indicadores**

- ❖ Actuacións ligadas directamente cos ODS e os obxectivos do Marco Global da Biodiversidade (CDB-2022)
- ❖ Actuacións de diagnose e seguimento dos compoñentes da biodiversidade
- ❖ Actuacións para mellorar ou manter o estado de conservación favorable dos compoñentes da biodiversidade
- ❖ Actuacións de restauración ou mellora da conectividade ecolóxica
- ❖ Actuacións de control ou mitigación de especies exóticas invasoras
- ❖ Cumprimento do apartado 5 do Cuestionario de seguimento das reserva de biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

✕ **Valoración dos indicadores**

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 2.

Táboa 9.4. Obxectivos e accións da liña de actuación 2 do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Liña 3 Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico

✦ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- * Recoñecemento das Reservas de Biosfera (RRBB) como modelos que contribúen á implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos Acordos Multilaterais Ambientais (AMUMA).
- * Sustentabilidade Económica das RRBB.
- * Recoñecemento das RRBB como xeradoras e protectoras de servizos dos ecosistemas.
- * Xeración dos seus propios ingresos por parte das RRBB e as redes rexionais.
- * Recoñecemento do Programa MaB como socio clave por parte do sector privado.
- * Recoñecemento de que o Programa MaB contribúe ao cumprimento dos obxectivos dos programas de financiamento nacionais e rexionais.
- * Contribución ás actividades das RRBB por parte de emprendedores e empresas sociais.
- * Recoñecemento internacional e nacional das RRBB.

✦ Accións

● Acción 3.1. Responsabilidade social.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Propiciar, en colaboración con outras administracións públicas, a mellora da calidade de vida das persoas na Reserva.
 - ❖ Promover e mellorar o nivel de emprego e o emprendemento sostible na Reserva de Biosfera.
 - ❖ Propiciar os modelos de economía verde e hipocarbónica, especialmente os relacionados cun uso máis eficiente dos residuos.
 - ❖ Fomentar o consumo racional da auga potable de subministración pública.
 - ❖ Fomentar o consumo de produtos ecolóxicos e locais en comedores públicos.
 - ❖ Promover a implicación do sector empresarial na conservación e xestión sostible dos recursos naturais e no impulso das melloras sociais.
 - ❖ Diseñar e poñer en marcha o programa "máis dunha vida", destinado a xestionar de forma racional os elementos domésticos voluminosos cuxos propietarios deixaron de utilizar.
- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- * **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

● Acción 3.2. Medio rural.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Propiciar a economía verde no desenvolvemento das actividades no rural.
- ❖ Fomentar a aplicación de medidas de adaptación fronte ao Cambio Climático Global.
- ❖ Apoiar as iniciativas locais de posta en valor dos recursos como fontes de emprego e de mantemento da poboación na Reserva de Biosfera
- ❖ Colaborar cos responsables do GDR no apoio ao desenvolvemento de iniciativas produtivas mediante a medida LEADER e calquera outra que se poda encaixar no Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia.
- ❖ Promover a adopción no territorio da Reserva das medidas agroambientais que se contemplan no PDR e outros programas europeos, nacionais ou autonómicos
- ❖ Fomentar as boas prácticas na xestión da auga, especialmente en relación cos sistemas de subministración, saneamento e depuración autónomos de núcleos rurais.
- ❖ Restaurar e manter elementos significativos dos agrosistemas tradicionais
- ❖ Propiciar a adopción da marca de Reserva de Biosfera, acorde cos criterios establecidos pola Rede de Reservas Españolas.
- ❖ Propiciar, en colaboración con outras administracións e entidades, a creación dunha marca de calidade ligada aos produtos producidos na Reserva de Biosfera, respectando as marcas e denominacións xa existentes, así como as decisións dos seus órganos de

xestión.

- ❖ Colaborar na formación, asesoría e fomento da agricultura ecolóxica na Reserva.
- ❖ Propiciar a caracterización, conservación e difusión das razas gandeiras e variedades vexetais tradicionais.
- ❖ Promover a difusión das boas prácticas forestais, da cultura forestal e da certificación forestal, fomentando as plantacións de especies nativas.
- ❖ Posta en valor do coñecemento local como modelo para a creación de emprego e de proxectos produtivos
- ❖ Incorporación de novas tecnoloxías e mellora do acceso a internet nas zonas rurais.

- ★ **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- ★ **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

● Acción 3.3. Medio urbano e áreas grises.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Divulgar a problemática do Cambio Climático Global e a necesidade de adoptar medidas para reducir o seu incremento e mitigar os seus efectos no medio urbano e as áreas grises.
- ❖ Divulgar e promover o uso de técnicas construtivas baseadas na reciclaxe e emprego de materiais tradicionais e/o naturais.
- ❖ Integrar o concepto de infraestrutura verde nas áreas urbanas da Reserva.
- ❖ Promover a corrección dos elementos de feísmo urbano de maior impacto ou incidencia sobre elementos singulares do Patrimonio Natural ou Cultural.

- ★ **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- ★ **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

● Acción 3.4. Actividades de uso público.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Colaborar coas administracións competentes e entidades públicas e privadas na mellora da promoción e oferta turística da Reserva dende unha concepción respectuosa co singular Patrimonio Natural e Cultural que atesoura o territorio, e no ámbito de modelos sostíbeis.
Promocionar a ligazón entre as actividades turísticas coa elaboración e venda de produtos locais (augas, viños, augardentes, carnes, pan, castañas, aceite, mel, doces, etc.), e cos distintos destinos de interese cultural e/ou ambiental.
- ❖ Integrar o territorio no Club de Produto Turístico das Reservas de Biosfera Españolas ou noutras certificacións similares.
- ❖ Promocionar, cos organismos competentes, a adopción de marcas de calidade para os establecementos turísticos que sexan respectuosos co medio natural, difundindo o emprego das marcas promovidas pola Rede Española de Reservas de Biosfera.
- ❖ Promover o uso de produtos e servizos xerados na Reserva nas actividades de uso público.
- ❖ Analizar periodicamente o uso público e a capacidade de carga da Reserva, proponendo medidas para que este se manteña dentro dos niveis de sustentabilidade e baixo impacto sobre os compoñentes do Patrimonio Natural e Cultural.
- ❖ Fomentar a coordinación e mellora dos programas, servizos e instalacións de uso público existentes na Reserva.
- ❖ Establecer, en coordinación coas distintas administracións, entidades e responsables da xestión dos bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial, da Convención sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural da UNESCO, medidas destinadas a asegurar a conservación e difusión dos compoñentes que determinaron a súa declaración, promovendo para iso o desenvolvemento de actividades culturais, educativas e de tempo libre, nas que se evite ou reduza a valores próximos a cero os posibles impactos sobre os compoñentes do Patrimonio Natural e Cultural.

- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- * **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

✦ Indicadores

- ❖ Propiciar, en colaboración con outras administracións públicas, a mellora da calidade de vida das persoas na Reserva.
- ❖ Cumprimento do apartado 6 do Cuestionario de seguimento das Reserva de Biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

✦ Valoración dos Indicadores

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o gro de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 3.

Táboa 9.5. Obxectivos e accións da liña de actuación 3 do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

Liña 4 Actuacións vinculadas coa función de apoio loxístico

✦ Obxectivos estratéxicos:

Obxectivos estratéxicos acordes co Plan de Acción de Lima

- * Investigación, aprendizaxe práctica e oportunidades de formación que axuden á xestión das RRBB e fomenten o desenvolvemento sostible nelas.
- * Redes rexionais e temáticas inclusivas.
- * Colaboración eficaz a nivel rexional e temático.
- * Cooperación transnacional e transfronteiriza entre RRBB.
- * Disponibilidade total dos documentos, os datos, a información e outros materiais do MaB.
- * Maior participación e alcance das actividades de comunicación e difusión.

✦ Accións

- **Acción 4.1.** Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Integrar a Reserva en Redes internacionais de seguimento ambiental permanente.
- ❖ Colaborar con outras Reservas de Biosfera españolas e co seu Consello Científico no intercambio de información e no desenvolvemento de proxectos conxuntos de seguimento ambiental.
- ❖ Fortalecer a colaboración, a través do Consello Científico da Reserva, coas universidades e centros de investigación, especialmente os radicados no campus de Lugo, no seguimento periódico dos ecosistemas, biótopos, especies, así como sobre os usos e aproveitamentos destes.
- ❖ Fortalecer a colaboración coas Redes de seguimento de parámetros meteorolóxicos, así como a súa aplicación tanto en labores de seguimento ambiental da Reserva como na aplicación en distintos sectores produtivos.
- ❖ Fortalecer a colaboración coas Redes de seguimento de parámetros hidrolóxicos, especialmente coa Confederación Hidrográfica Miño – Sil, en fortalecer a rede de estacións existentes, así como a súa aplicación tanto en labores de seguimento ambiental da Reserva como na aplicación en distintos sectores produtivos (agricultura, viticultura, turismo, etc.).

- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- * **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

- **Acción 4.2.** Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades.

Actividades previstas na Reserva de Biosfera

- ❖ Colaborar coas administracións públicas e privadas competentes no desenvolvemento de actividades de educación, formación e divulgación, desenvolvendo accións que sexan acordes cos fins e obxectivos do Programa Home & Biosfera.
- ❖ Difundir entre as entidades públicas e privadas que interactúan no territorio (técnicos da administración estatal e autonómica, técnicos das deputacións provinciais e municipais, técnicos de empresas, etc.) os obxectivos, fins e funcións da Reserva de Biosfera e do Programa Home & Biosfera.
- ❖ Colaborar cos centros educativos da provincia, especialmente os radicados na Reserva, a fin de fortalecer os programas e accións de educación ambiental que integren os obxectivos e fins das Reservas de Biosfera e das Redes en que estas participan.
- ❖ Fortalecer as colaboracións con asociacións e entidades de carácter ambiental e cultural existentes no territorio da Reserva de Biosfera que realicen accións coincidentes cos obxectivos das Reservas de Biosfera.
- ❖ Fomentar entre a poboación local e os visitantes os fins, obxectivos e actuacións que realiza a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.
- ❖ Fomentar a relación coa Fundación Starlight no cumprimento da Declaración da Palma co obxectivo de promover a “defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas”.

- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- * **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

● **Acción 4.3. Redes.**

Accións previstas

- ❖ Incorporarse e colaborar activamente na Rede Española de Reservas de Biosfera, a Rede Mundial de Reservas de Biosfera e a Rede Galega de Reservas de Biosfera.
- ❖ Integrarse e participar activamente noutras redes rexionais, subrexionais ou temáticas de Reservas de Biosfera.
- ❖ Establecer na páxina web da Reserva un repositorio de información en acceso libre no que se recollan os resultados das distintas actividades, como as publicacións, igualmente de acceso libre, distribuídas por UNESCO, o Organismo Autónomo de Parques Nacionais ou por outras Reservas de Biosfera, que contribúan ao intercambio de información e experiencias.
- ❖ Establecer equipos de traballo con outras Reservas de Biosfera, centros de investigación, administracións e entidades para a elaboración de candidaturas de proxectos conxuntos orientados ao cumprimento dos obxectivos e fins da Reserva.

- * **Axentes implicados** Xestor, OPRB.
- * **Duración** Durante todo o período de vixencia do Plan.

✦ **Indicadores**

- ❖ Cumprimento do apartado 7 do Cuestionario de seguimento das Reserva de Biosfera españolas aprobado no ano 2022 polo Comité Español do Programa M&B.

✦ **Valoración dos Indicadores**

Valoración de 1 a 10 dos efectos/impactos das distintas iniciativas vinculadas coas distintas accións sobre o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos considerados para a liña 4

Táboa 9.6. Obxectivos e accións da liña de actuación 4 do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses

9

Memoria económica, vixencia e revisión do Plan

9.1. Memoria económica

80

Os Plans dos espazos naturais deben incluír unha estimación económica dos investimentos ordinarios e extraordinarios a realizar durante o seu período de vixencia, relativas ás 4 liñas que contén o propio Plan de Xestión, tendo en conta as diferentes fontes de financiamento. Parte deles son asumidos polos termos municipais que integran a Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses, e outra parte procede de axudas, proxectos e convenios asinados con distintas entidades públicas ou privadas, sendo, en consecuencia, difícil de estimar tanto os ingresos como os custos que se poden establecer nun marco temporal de 10 anos.

A continuación preséntase unha previsión global, que corresponde a unha estimación orientadora obtida a partir da avaliación dos custos de funcionamento da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses desde a súa declaración, e dunha primeira aproximación ás actuacións que se identificaron como mínimas necesarias para a consecución dos obxectivos do Plan de Xestión, sen prexuízo da ulterior adecuación en relación coas axudas ou subvencións que poida recibir a Reserva de Biosfera. Trátase, pois, dunha estimación preliminar, aberta e suxeita a posibles variacións, que deberán concretarse ano a ano na correspondente memoria de actividades que debe aprobar o Órgano Reitor da Reserva de Biosfera. En todo caso, a súa execución estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria anual das Administracións xestoras ou doutras fontes de financiamento.

		Años									
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Liña 1	Xestión adaptativa da Reserva de Biosfera										
Años		15.000	15.000	15.000	15.000	15.000	15.000	15.000	15.000	15.000	15.000
Liña 2	Función de conservación da Reserva de Biosfera										
Años		25.000	25.000	25.000	25.000	25.000	25.000	25.000	25.000	25.000	25.000
Liña 3	Función de desenvolvemento socioeconómico da Reserva de Biosfera										
Años		70.000	70.000	70.000	70.000	70.000	70.000	70.000	70.000	70.000	70.000
Liña 4	Función de apoio loxístico da Reserva de Biosfera										
Años		20.000	20.000	20.000	20.000	20.000	20.000	20.000	20.000	20.000	20.000
Total		130.000	130.000	130.000	130.000	130.000	130.000	130.000	130.000	130.000	130.000

Táboa 9.1. Previsión orzamentaria do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera Os Ancares Lucenses.

9.2. Vixencia e revisión

As determinacións do presente Plan de Xestión entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación e seguirán vixentes durante un período de 10 anos, podendo ser prorrogadas durante o tempo de elaboración do novo Plan de Xestión. Aos cinco anos da entrada en vigor do Plan, o Órgano Reitor elaborará un informe sobre o grao de cumprimento, podéndose, en función do alcance deste, promover unha modificación parcial das liñas de actuación, da cal debe ser informada o Órgano de Participación e debe darse cumprimento aos procedementos de consulta e participación pública. No último ano de vixencia do Plan, o Órgano Reitor da Reserva de Biosfera procederá á actualización ou formulación deste.

A revisión, modificación ou actualización das determinacións do Plan de Xestión requirirá a realización dos mesmos trámites seguidos para a súa aprobación.

10

Bibliografía

- Bouhier, A. (1979). La Galice: essai géographique d'analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire. La Roche-sur-Yon, Imprimerie Yonnaise, 2 vols. 1.516 pp.
- Castroviejo Bolívar, J. (1972). Contribución al conocimiento de la taxonomía, ecología, biología del celo y mudas del urogallo (*Tetrao urogallus* L.) en España. Tesis Doctoral. Madrid: Universidad Complutense.
- Castroviejo Bolívar, J. (1975). El urogallo "*tetrao urogallus* L." en España. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, ISBN 84-00-04210-7
- Castroviejo Bolívar, S. (1972). Notas preliminares sobre la vegetación del tramo occidental de la cordillera cantábrica (Sierra de los Ancares). *Asturnatura* 58-70.
- Crespi, L. & Iglesias, L. (1929): Los prados de las regiones media y montaña de Galicia, *Boletín Soc. Esp. Hist. Nat.*, 29: 127-142.
- Fernández Prieto, J.A.; Amigo, J. & Guitián, J. (1987). Datos sobre la vegetación Subalpina de los Ancares. *Lazaroa* 7: 259-271.
- García García, R. (1976). La Vegetación arbórea de la sierra de Ancares en su vertiente lucense. Memoria de Licenciatura Universidade de Santiago - Facultade de Farmacia - Cátedra de Botánica, Santiago de Compostela.
- Garilleti, R. & Albertos, B. (2012). Atlas y libro rojo de los briofitos amenazados de España. Madrid: Organismo Autónomo Parques Nacionales. Madrid, 1-288.
- Iglesias Iglesias, L. (1929a): El Parque Regional Gallego, Madrid: Real Sociedad Española de Historia Natural, Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones científicas, Misiones Culturales en Galicia, *Conferencias y Reseñas Científicas de la Real Sociedad Española de Historia Natural*, t. IV, p. 49-52.
- Iglesias Iglesias, L. (1929b): Impresiones de la excursión científica a las Sierras de los Ancares, Invernadeiro y Queixa, en el mes de Julio de 1927, *Arq. Sem. Est. Gal.*, III: 139-150.
- Iglesias Iglesias, L. (1931). Impresiones de una excursión científica a la Sierra de Ancares, Invernadeiro y Queija en el mes de Mayo de 1927. Seminario de Estudios Gallegos. III Sección de Ciencias.
- Izco, J. & Sánchez, J.M. (1995). Revisión crítica del listado de flora endémica gallega. *Bot. Macaronésica* 21: 75-84.
- Izco, J. (1987): Galicia. En: M. Peinado Lorca & S. Rivas-Martínez (Eds.): La vegetación de España: 383-418. Colección Aula Abierta nº 3. Servicio de Publicaciones. Universidad de Alcalá. Madrid

- Izco, J. (2001). La flora y la vegetación. En: A. Precedo Ledo & Sancho Comíns (Dir.): Atlas de Galicia. Tomo I: Medio Natural: 219-257. Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- López Seoane, V. (1866). Reseña de la Historia Natural de Galicia, Lugo: Impr. Soto Freire, 66 pp
- López-Jiménez N. (2021). Libro Rojo de las aves de España. Madrid. SEO/BirdLife. 1-514.
- Mata Olmo, R., & Sanz Herráiz, C. (2003). Atlas de los paisajes de España. Ministerio de Medio Ambiente, Secretaría General Técnica. 135 pp.
- Meijide Pardo, A. (1984). Testimonios históricos sobre la antigüedad del cultivo de la patata en Galicia. Edición do Castro. 89 pp.
- Merino, B. (1904a). Algunas especies vegetales de los Picos de Ancares y sus cercanías (Lugo). Bol. Soc. Arag. 3: 85-190.
- Merino, B. (1904b). Viajes de herborización por Galicia. Razón y Fé 4: 82-93.
- Merino, B. (1909). Flora descriptiva é ilustrada de Galicia. Tomo III. Fanerógamas. Monocotiledones. Policotiledones. Criptógamas vasculares—Suplemento. Tipografía Galaica, Santiago de Compostela.
- Muñoz Sobrino, C. (2001). Cambio climático y dinámica del paisaje en las montañas del noroeste de la Península Ibérica. Tesis Doctoral. Escuela Politécnica Superior. Universidad de Santiago de Compostela.
- Muñoz Sobrino, C., Ramil-Rego, P. & Rodríguez Guitián, M. (1997). Upland vegetation in the north-west Iberian peninsula after the last glaciation: forest history and deforestation dynamics. Vegetation History and Archaeobotany, 6: 215-233.
- Muñoz-Sobrino, C., Ramil-Rego, P., Gómez-Orellana, L. & Díaz-Varela, R.A. (2005). Palynological data on major Holocene climatic events in NW Iberia. Boreas 34: 381-400. <https://doi.org/10.1111/j.1502-3885.2005.tb01108.x>
- Nonn, H. (1966). Les regions cotières de la Galicie (Espagne). Etude géomorphologique. Publications de la Faculté des Lettres de l'Université de Strasbourg. Foundation Baulig.
- Palacios, F. (1977). Descripción de una nueva especie de liebre (*Lepus castroviejo*) endémica de la Cordillera Cantábrica. Doñana Acta Vertebrata, 3 (2): 223-295
- Pérez Alberti, A. (1986). A Xeografía. O espacio Xeográfico e o Home. Biblioteca Básica da Cultura Galega. Ed. Galaxia. Vigo.
- Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Rubinos Roman, M.; Ferreiro da Costa, J.; Hinojo Sánchez, B.; Blanco López, J.M.; Sinde Vázquez, M.; Gómez-Orellana, L.; Díaz-Varela, R.; Martínez Sánchez, S. & Muñoz Sobrino, C. (2005). La expresión territorial de la biodiversidad. Paisajes y hábitats. Recursos Rurais. Serie Cursos. 2: 109-128.
- Ramil-Rego, P. & Crecente Maseda, R. (2012). Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Documento Técnico, 8 Tomos. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Ramil Rego, P., Rodríguez Guitián, M.A.; Gómez-Orellana, L & Ferreiro da Costa, J. (2012). Reseña do Patrimonio Natural e a Biodiversidade de Galicia: ano 2012. Lugo: Monografías do IBADER - Serie Biodiversidade. IBADER. Universidade de Santiago de Compostela. 1-661.
- Ramil Rego, P., Vales, C. (Eds.) (2019). Especies Exóticas Invasoras: situación e propostas de mitigación. Monografías do IBADER, Serie Biodiversidade. Lugo: IBADER. 115 pp.
- Ramil Rego, P., Ferreiro da Costa, J., Gómez-Orellana, L., López Castro, H., Oreiro Rey, C., Rodríguez Guitián, M.A. (2021). Áreas Naturales Protegidas, de las propuestas pioneras a los nuevos paradigmas en pro de la salvaguarda de la Naturaleza. Monografías do IBADER. Serie Biodiversidade. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo. 918 pp.
- Rivas Martínez S., Díaz González, T.E., Fernández Prieto, J.A., Loidi, J. & Penas, A. (1984): La vegetación de la alta montaña cantábrica: los Picos de Europa. León: Ediciones Leonesas. León. 295 pp
- Rivas Martínez, S. (1987): Memoria del Mapa de Series de Vegetación de España. Madrid: ICONA. Serie Técnica 1: 9-208.
- Rivas-Martínez, S., Díaz González, T.E., Fernández-González, F., Izco, J., Loidi, J., Lousã, M. & Penas, A. (2002): Addenda to the syntaxonomical checklist of 2001. Itinera Geobot., 15, 2 vol.
- Rivas-Martínez, S.; Penas, A.; Díaz Gonzalez, T.E.; Cantóm P.; del Río, S.; Costa, J.C. Herrero, L. & Molero, J. (2017). Biogeographic Units of the Iberian Peninsula and Balearic Islands to District Level. A Concise Synopsis, In: Loidi, J. (Edit). The Vegetation of the Iberian Peninsula, 1: 131-188.

- Rodríguez Guitián, M. & Guitián Rivera, J. (1993). Las plantas mediterráneas en la Serra de Ancares y su entorno: cartografía e interpretación. In: Pérez Alberti, A., Guitián Rivera J. & Ramil Rego, P. (eds.), La evolución del paisaje en las Montañas del entorno del Camino de Santiago: 153-164.
- Rodríguez Guitián, M. A. & Guitián Rivera, J. (1994). Manifestaciones de periglaciario actual en la Serra dos Ancares (Cordillera Cantábrica Occidental): influencia sobre el desarrollo de la vegetación — Actas de la IIIª Reunión Nacional de Geomorfología, Tomo I: 227-239. Logroño.
- Rodríguez-Guitián, M.A., Valcárcel Díaz, M. & Pérez Alberti, A. (1995). Primeros datos sobre la evolución espacial de los sistemas morfogénicos durante el Pleistoceno superior y el Holoceno en el Valle de Fornela (Cordillera Cantábrica Occidental). En: T. Alexandre Campos & A. Pérez-González (Eds.): Reconstrucción de paleoambientes y cambios climáticos durante el Cuaternario: 103-112. Monografías 3. C.S.I.C. Madrid.
- Rodríguez Guitián, M.A., Guitián Rivera, J. & Pérez Alberti, A. (1996a). Evolución reciente de la cubierta vegetal y de los usos del territorio en el valle del Río Ortigal (Reserva Nacional de Caza de Os Ancares, Lugo). En: A. Pérez Alberti & A. Martínez Cortizas (Eds.): Avances en la Reconstrucción paleoambiental de las áreas de montaña lucense. Monografías G.E.P., nº 1: 189-215. Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial de Lugo. Lugo.
- Rodríguez Guitián M.A., Pérez Alberti, A. & Guitián Rivera, J. (1996b). Modificaciones antrópicas del límite superior del bosque e influencia sobre la dinámica de las vertientes en el Valle del Río Ortigal (Serra dos Ancares, NW Ibérico). En: A. Pérez Alberti & R. Lois González (Coords.): Actividad humana y cambios recientes en el paisaje: 131-153. Consellería de Cultura e Comunicación Social. Xunta de Galicia. Santiago.
- Rodríguez Guitián, M.A. & Ramil Rego, P. (2008). Fitogeografía de Galicia (NW Ibérico): análisis histórico y nueva propuesta corológica. Recursos Rurais 1 (4): 19-50-
- Silva Pando, F.J. (1990). La flora y vegetación de la Sierra de Ancares: base para la planificación y ordenación forestal. Tesis doctoral Universidad Complutense de Madrid, Madrid.
- Silva Pando, F.J. (1992). Aportaciones a la flora de la Sierra de Ancares (Lugo-Leon, España). Actes Simposi Int. Bot. Pius Font i Quer, 2: 395-398.
- Silva Pando, F.J. (1994). Flora y Series de Vegetación de la Sierra de Ancares. Fontqueria 40: 233-388
- Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) (1995). Atlas de Vertebrados de Galicia. Consello da Cultura Galega. Ponencia de Patrimonio Natural. Tomos I y II. Santiago.
- Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) (2011). Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia. Sociedade Galega de Historia Natural. Santiago de Compostela. 112.
- Pérez, A. M. S., & Cerceda, M. L. C. (2002). Distribución dos macromicetos en Galicia (1799-2000): taxa e citas bibliográficas. En Usos e abusos. 83-87. Associação Micológica A Pantorra.
- Soliño Pérez, A.M. (2004). Macromicetos de Galicia: catálogo bibliográfico y distribución (1850-2002). Tesis Doctoral. Universidade de Vigo.
- Udvardy, M.D.F. (1975). A classification of the biogeographical provinces of the world. Prepared as a Contribution to UNESCO Man and the Biosphere Programme. Project nº 8. IUCN Occasional Paper nº 18. Morges, Switzerland, 1-50.
- Vaquero Rodríguez, M.; Alonso, S.; Ameijenda Iglesias, A.; Gómez Merino, G.; Lombera Hermida, A.; Lorenzo Merino, C.; Rodríguez Rellán, C. (2008). Nuevos datos sobre el Paleolítico superior en Galicia: la Cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo). Férvedes. 5: 137-141.
- Vázquez, A. & Díaz González, T.E. (2005). Parque Nacional de los Picos de Europa. Naturaleza y biodiversidad en tierra de lobos. Ed. Nobel. Oviedo.